Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45682 (12/POC-007329)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre a creación de centros específicos de acollemento de menores estranxeiros non acompañados recibidos por decisión do Goberno central

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45683 (12/POC-007330)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 9 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do compromiso de trasladar a actividade comercial á súa sede orixinal e cales son os pasos pendentes nas obras do edificio rehabilitado da praza de Abastos de Ourense

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45686 (12/POC-007331)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo



Sobre os datos relativos ás vítimas mortais de accidentes de tráfico en 2025, a evolución da sinistralidade viaria nos últimos anos e o balance do Plan de seguridade viaria 2022-2025

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45692 (12/POC-007332)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre as decisións e os compromisos do Goberno central respecto da repartición entre o Estado e Galicia do financiamento dos servizos de dependencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45695 (12/POC-007333)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre o estado de conservación do patrimonio de arte rupestre de Cerdedo-Cotobade e as actuacións previstas para o impulso dun proxecto integral de protección, conservación e posta en valor deste conxunto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45714 (12/POC-007334)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Insua Lema, Óscar

Sobre o proceso de contratación dunha empresa de servizos enerxéticos que está a levar a cabo o Concello de Viveiro

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45719 (12/POC-007336)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a convocatoria da Comisión Europea do Día Marítimo Europeo no Meu País 2026 e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir a participación activa de Galicia neste programa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45723 (12/POC-007337)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a situación do Xulgado do Penal número 2 de Santiago de Compostela e as previsións do Goberno galego en canto á adopción de medidas para a axilización do traballo deste órgano xudicial

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45725 (12/POC-007338)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa planificación ou execución de obras durante o ano 2025 para a mellora da mobilidade na contorna de Pontevedra

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 45727 (12/POC-007339)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo da modificación do servizo de quendas de garda dos médicos forenses do Instituto de Medicina Legal de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45733 (12/POC-007340)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as medidas que prevé aplicar a Xunta de Galicia para o desenvolvemento do II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45741 (12/POC-007341)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda da comunidade educativa do CEIP San Clemente, de Caldas de Reis, en relación coa recuperación e posta en marcha no curso 2025-2026 da terceira unidade de educación infantil

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45747 (12/POC-007342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Chao Rivas, Saleta e 2 máis

Sobre as variacións técnicas e orzamentarias do proxecto da senda peonil e ciclista entre O Milla-doiro e a Estación Intermodal Daniel Castelao, de Santiago de Compostela

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45750 (12/POC-007343)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á ampliación ao concello de Bueu da liña directa de autobús entre o Hospital de Montecelo e o concello de Marín

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45752 (12/POC-007344)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as demandas de ampliación exterior e de melloras no acceso aos centros que forman a residencia de maiores e o centro de día de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45760 (12/POC-007345)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre os problemas de tráfico xerados na PO-307 por un semáforo da rúa Cardalda, en Vilanova de Arousa, e as posibilidades de procurar alternativas tecnicamente viables
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45764 (12/POC-007346)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a incidencia da ouxa (*Myliobatis aquila*) na actividade marisqueira en Galicia e a avaliación, os informes e as previsións da Consellería do Mar ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45765 (12/POC-007347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a xestión e planificación por parte da Xunta de Galicia das urxencias e do pechamento de 80 camas no Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45769 (12/POC-007348)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a situación actual da Unidade de Policía Adscrita de Galicia (UPA) e a postura da Xunta de Galicia ante a sinatura dun novo convenio de cofinanciamento ao 50 por cento co Goberno central
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45771 (12/POC-007349)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a dotación económica destinada pola Xunta de Galicia aos colexios da avogacía para a prestación dos servizos da quenda de oficio e as previsións en canto á súa actualización

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45782 (12/POC-007350)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da incorporación efectiva das novas liñas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e do reforzamento das súas políticas nesta materia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45784 (12/POC-007351)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade dunha revisión dialogada, no ámbito do deporte, do protocolo de actuación ante alertas meteorolóxicas aprobado en 2025

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 45786 (12/POC-007352)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego ante a frecuencia dos asolagamentos que se producen nas instalacións do CEIP A Xunqueira 1, de Pontevedra

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45844 (12/POC-007353)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de retomar o proxecto inicial da vía de alta capacidade Costa Norte en Viveiro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45851 (12/POC-007354)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a valoración e a postura da Xunta de Galicia respecto do impacto no sector primario galego do acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur e as súas previsións ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45855 (12/POC-007355)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a sucesión de avarías graves nas instalacións e infraestruturas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e a postura do Goberno galego en canto a medidas de mantemento e responsabilidades políticas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45862 (12/POC-007357)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre os avances da Xunta de Galicia no recurso de casación ante o Tribunal Xeral da UE fronte ao veto á pesca de fondo e as medidas adicionais previstas para protexer o 25 por cento da frota galega afectada

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45863 (12/POC-007358)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das reflexións e previsións económicas do Foro Económico de Galicia para o ano 2026

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45871 (12/POC-007361)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



García González, Patricia e 8 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para defender a frota galega ante a competencia desleal de frota estranxeiras presentes en caladoiros compartidos e que non teñen as mesmas exigencias ambientais e laborais

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45873 (12/POC-007362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a dotación de persoal sanitario e administrativo co que conta o Centro de Saúde da Laracha e as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa mellora

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45878 (12/POC-007364)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as medidas que prevé engadir o Goberno galego para favorecer a remuda xeracional na pesca e facilitar a incorporación da mocidade a este sector

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45883 (12/POC-007365)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez Millares, María Magdalena e 8 máis

Sobre a entrada en vigor do Regulamento (UE) 2025/669, que permite á Unión Europea aplicar medidas comerciais contra terceiros países que vulneran os principios da política pesqueira común coa autoasignación de cotas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45190 (12/POC-007197)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as razóns da TVG para eliminar informacións relevantes en temas de fiscalidade e de facenda no espazo do informativo da noite

Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

- 45619 (12/POC-007317)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 4 máis

Sobre o nivel de privatización dos medios públicos galegos por parte da CSAG

Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

- 45715 (12/POC-007335)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre as actuacións que se desenvolveron en 2025 referidas á responsabilidade social corporativa da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e o seu balance

Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia



Solicitudes de información para as que se solicita a reconversión en preguntas orais en Comisión (artigo 9.2 bis)

Admisión da solicitude de reconversión e asignación a comisión e publicación

- 32811 (12/IN9-000926) (12/POC-007496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre o informe relativo aos datos do alumnado NEE e/ou NEAE matriculado nos centros de ensino galegos

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 45295, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

- 32812 (12/IN9-000927) (12/POC-007498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre o informe relativo aos datos dos cadros de persoal de todos os centros públicos e concertados galegos

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 45297, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

- 32813 (12/IN9-000928) (12/POC-007497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre o informe relativo aos datos relacionados cos comedores escolares

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 45296, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:35:10
Nº Rexistro: 45462
Data envío: 14/01/2026 12:35:10.042

Asinado o día 14/01/26
12:34
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza na conxunto histórico de San Salvador de Vilar de Donas no Concello de Palas de Rei.

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:33
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mosteiro de San Salvador de Vilar de Donas, Concello de Palas de Rei, é un Ben de Interese Cultural (BIC) situado a escasos quilómetros do Camiño de Santiago francés. Un templo documentado no século XII que pertenceu á Orde de Santiago. De estilo románico o conxunto histórico componse da igrexa e dunha casa reitoral que facía parte do antigo mosteiro.

Malia a relevancia patrimonial do conxunto histórico, no que se atopa un importante conxunto de pezas sepulcrais de cabaleiros da Orde de Santiago e de membros de familias nobiliarias da comarca, a Xunta de Galiza non realizou ningunha actuación desde 2010 cando se levaron a cabo traballos de restauración por valor de 159.948,42 euros.

Na actualidade o grao de deterioro da casa reitoral e da contorna da igrexa é moi notable o que urxiría acometer novas medidas de recuperación co obxectivo de consolidar o que queda do antigo mosteiro así como poñer en valor e divulgar a importante pegada histórica deste ben.

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:33
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión

4ª:

Vai desenvolver a Xunta de Galiza algunha actuación no antigo mosteiro de San Salvador de Vilar de Donas, en Palas de Rei?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:35:10
Nº Rexistro: 45462
Data envío: 14/01/2026 12:35:10.042

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2026 12:33:49

Montserrat Valcárcel Armesto na data 14/01/2026 12:33:55,14/01/2026 12:34:05

Mercedes Queixas Zas na data 14/01/2026 12:34:13

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:35:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:35:10
Nº Rexistro: 45462
Data envío: 14/01/2026 12:35:10.042

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:41:45
Nº Rexistro: 45467
Data envío: 14/01/2026 12:41:45,234

Asinado o día 14/01/26
12:39
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as axudas para a adquisición de audífonos e lentes en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente en Galiza as persoas menores de 26 anos poden beneficiarse dunha axuda económica para a adquisición de audífonos a través da prestación ortoprotésica do SERGAS incluída na ‘Carteira básica de servizos’. A axuda cobre até 800 euros por audífono, unha cifra que corresponde ao importe máximo establecido (sen IVE) no Catálofo Xeral de Material Ortoprotésico.

No caso das persoas maiores de 26 anos deben solicitar unha axuda de inclusión social á que só poden acceder persoas con ingresos inferiores ao 125% do importe do tramo persoal e familiar da renda de inclusión que lle correspondería á unidade de convivencia.

Segundo o informe anual elaborado pola Xunta de Galiza a respecto das prestacións de inclusión social, o 23,80 % das AIS concedidas en 2024 foron para gastos de atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas por outros sistemas de protección social, as segundas despois daquelas dirixidas a gastos de atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico (56,97%).

De igual maneira, o acceso a algún tipo de axuda pública para a adquisición de lentes apenas está recoñecido para menores de 16 anos a través do Plan VEO estatal cun importe máximo de 100 euros de axuda por persoa e ano.

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:39
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:39
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Desde o BNG cremos que a adquisición de audífonos ou lentes supoñen un gasto extraordinario moi importante para moitas persoas e familias polo que os programas de axudas públicas que existen actualmente son insuficientes e deberían ampliarse tanto en ideades como en rendas a aquelas que non superen o salario mínimo interprofesional.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Valora a Xunta de Galiza favorecer ampliar o programa de axudas públicas para a adquisición de audífonos ou lentes a persoas con ingresos inferiores ao SMI?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2026 12:39:33

Iria Carreira Pazos na data 14/01/2026 12:39:41

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2026 12:39:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:41:45
Nº Rexistro: 45467
Data envío: 14/01/2026 12:41:45.234

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:41:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:41:45
Nº Rexistro: 45467
Data envío: 14/01/2026 12:41:45.234

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**

Galicia é unha terra marcada pola súa tradición agraria e gandeira, un patrimonio que forma parte da nosa identidade e que require un relevo xeracional para garantir a súa continuidade. Porén, hoxe en día, as persoas que desexan iniciarse na agricultura ou na gandería enfróntanse a numerosos desafíos. A falta de experiencia práctica, a complexidade dos procesos produtivos e as esixencias administrativas son barreiras que poden desanimar a quen pretende emprender no sector primario.

A remuda xeracional no rural galego é unha prioridade estratéxica para garantir a continuidade das actividades agrícolas, gandeiras e forestais, que son fundamentais tanto para a economía como para a sustentabilidade do territorio. A actual realidade demográfica do rural galego pon de manifesto o envellecemento da poboación activa no sector primario, o que supón un risco de abandono de terras e unha perda de coñecemento e tradicións vinculadas a este ámbito produtivo. Ademais, o despoboamento do rural ameaza o equilibrio territorial e social de Galicia, polo que resulta imprescindible fomentar o relevo xeracional mediante políticas que fagan atractivo o medio rural para a mocidade.

Este relevo debe ser acompañado de formación axeitada e dun sistema de apoio que facilite a integración efectiva dos novos labregos e labregas nas actividades agrícolas e gandeiras. Neste contexto, cómpre tender pontes entre as xeracións que levan décadas traballando a nosa terra e as novas que veñen con ilusión e vontade de aprender. É por iso que se creou un Programa de Titorización, para facilitar o relevo xeracional nas explotacións agrarias, reducir a desaparición de explotacións familiares e acompañar e facilitar a capacitación das persoas incorporadas.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o obxectivo principal do Programa de Titorización e que papel desempeña na recuperación do sector agrogandeiro galego?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 12:54:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 12:54:35

José Mato Díaz na data 14/01/2026 12:54:41

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 12:54:48

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 12:54:56

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 12:55:02

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 12:55:16

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 12:55:35

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 12:55:42



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 12:56:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 12:56:46
Nº Rexistro: 45474
Data envío: 14/01/2026 12:56:46.474

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

O sector agrogandeiro galego é fundamental para a economía e o equilibrio territorial, pero enfróntase a un grave reto: o relevo xeracional. Nos últimos anos, explotacións agrarias pecharon as súas portas pola falta de persoas dispostas a continuar coa súa xestión.

A elevada idade media dos titulares, as dificultades de acceso á terra e os obstáculos económicos e administrativos dificultan a incorporación de mozos e mozas ao sector.

Esta situación compromete non só o futuro do agro galego, senón tamén o desenvolvemento do medio rural. Para dar resposta a este desafío, a Xunta de Galicia pon en marcha o Banco de Explotacións, unha ferramenta prevista na Lei de recuperación da terra agraria que permitirá facilitar a transmisión de explotacións en activo, evitando o seu peche e fomentando o acceso de novas xeracións ao sector.

Con esta medida, a Administración autonómica busca garantir a continuidade da actividade agraria, impulsar o relevo xeracional e frear o abandono do rural galego.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o obxectivo principal do Banco de Explotacións e que papel desempeñará na recuperación do sector agrogandeiro galego?
2. De que maneira beneficiará este instrumento aos agricultores que cesan a súa actividade e aos novos profesionais que buscan incorporarse ao sector?
3. Cal é a previsión do Goberno en canto ao número de explotacións que se poderán transmitir a través deste sistema?





4. Que medidas de apoio e asesoramento acompañarán a posta en marcha do Banco de Explotacións para garantir o seu éxito?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 13:00:20

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 13:00:28

José Mato Díaz na data 14/01/2026 13:00:58

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 13:01:04

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 13:01:12

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 13:01:17

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 13:01:29

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 13:01:40

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 13:01:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 13:03:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:03:01
Nº Rexistro: 45476
Data envío: 14/01/2026 13:03:01.811

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:11:28
Nº Rexistro: 45478
Data envío: 14/01/2026 13:11:28.486

Asinado o día 14/01/26
Por María Encarnación
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, , Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

A campaña “Come Local” foi creada para promocionar nos comedores escolares de toda Galicia os produtos galegos de proximidade e con indicativo de calidade denominacións de orixe protexidas, indicación xeográficas protexidas e ecolóxicos de cercanías.

A través desta iniciativa, promovida pola Consellería de Medio rural, busca achegar aos comedores escolares unha variedade de produtos galegos con certificado de calidade para que os nenos e nenas poidan degustalos e así comprobar a súa calidade con orixe en Galicia e con unha trazabilidade garantida, coa intención de que os proben para incorporalos nas cociñas poñéndooos en contacto con produtores da zona que o subministren.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración e beneficios achega a “Come Local” ?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Asinado o día 14/01/2026 ás
13:09
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Asinado o día 14/01/2026 ás
13:09
Por Nicole Grueira Fernández

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 13:09:02
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 13:09:09
María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 13:09:19
José Mato Díaz na data 14/01/2026 13:09:27
Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 13:09:33
Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 13:09:42
Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 13:09:50
Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 13:10:03
Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 13:10:40



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 13:11:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:11:28
Nº Rexistro: 45478
Data envío: 14/01/2026 13:11:28.486

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

A Dirección Xeral de Defensa do Monte é á que lle corresponde o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimentos.

Entre as súas funcións e competencias establécense as de coordinar ás administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios, garantindo o cumprimento das respectivas obrigas legais, prestar colaboración e asesoramento estable aos concellos para o cumprimento das súas obrigas e homoxeneizar os procedementos e actuacións por eles desenvolvidos, asegurar o cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e tramitar os expedientes sancionadores derivados deses incumprimentos, planificar as medidas de prevención de incendios e o seu desenvolvemento –impulsando a realización das tarefas encomendadas ás administración competentes–, dirixir os equipos de vixilancia, desenvolver o Plan de Prevención e defensa contra incendios forestais dentro de cada Plan de Ordenación dos recursos forestais de distrito, impulsar, comprobar e esixir a elaboración dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e manter o orientación aos concellos de ámbito rural a fin de que leven a cabo tarefas de silvicultura, limpeza dos montes e outras tarefas de valorización forestal dentro das medidas de prevención dos incendios forestais.

Para o exercicio das súas competencias a devandita Dirección Xeral conta con dúas subdireccións xerais. - A Subdirección Xeral de Extinción exerce as funcións encamiñadas á defensa dos montes contra os incendios forestais. - A Subdirección Xeral de Prevención exerce as funcións encamiñadas á realización das actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais.

Esta subdirección conta co Servizo de Actuacións Preventivas (con funcións de planificación preventiva e as accións subsidiarias e de elaboración dos informes sectoriais en materia urbanística e de planeamento municipal).





Para o correcto desenvolvemento das competencias sinaladas encamiñadas á protección e defensa do montes contra os incendios forestais, así como a coordinación de medios na loita contra os incendios, cómpre o desenvolvemento evolutivo e soporte de diversos sistemas de información.

Por outro lado a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, a través da Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral, exercerá as competencias en materia de xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia, impulsando o desenvolvemento de iniciativas e proxectos de investigación en materia ambiental, así como a divulgación, coordinación e seguimento da estratexia galega fronte ao cambio climático.

En relación coas competencias en materia de xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia a Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral establece como obxectivos principais a elaboración dunha predición meteorolóxica específica para Galicia, a observación de variables ambientais e a prestación doutros servizos en relación coa meteoroloxía e climatoloxía en Galicia. Os incendios forestais constitúen unha grave ameaza para as políticas de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica, ambiental e social de Galicia. Por outra banda, o fenómeno do cambio climático é un dos maiores retos ambientais aos que se enfronta na actualidade a nosa sociedade debido ás súas implicacións, unha delas e como pode afectar a ocorrencia de incendios forestais e a súa evolución.

Tanto a Consellería do Medio Rural como a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático estableceron unha colaboración nos campos de interese común, é dicir, a elaboración dunha predición meteorolóxica específica para Galicia, a observación de variables ambientais e a prestación doutros servizos en relación coa meteoroloxía e climatoloxía en Galicia que, como dixemos, son os obxectivos principais da Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral e, ao tempo, constitúen elementos fundamentais imprescindibles para protección e defensa do montes contra os incendios forestais, e a coordinación de medios na loita contra os incendios, competencia da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Entendendo que o obxectivo deste acordo de colaboración é regular o marco común de colaboración entre ambas Consellerías para o desenvolvemento dun sistema avanzado de información e predición meteorolóxica para a xestión de incendios, así como a súa integración na aplicación XeoCode para a xestión en tempo real dos incendios forestais da Consellería do Medio Rural, e tamén facilitar información pública á cidadanía sobre o índice de risco diario de incendios (IRDI), que se actualiza diariamente, cunha predición a tres días, cando ata o de agora se facía de un só. A maiores, delimitarase





por concello, establecendo o mesmo nivel de risco en todo o municipio, evitando así posibles confusións e mellorando o sistema de predición.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre o acordo de colaboración para o desenvolvemento dun sistema de información e predición meteorolóxica para a xestión de incendios forestais?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 13:14:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 13:14:52

José Mato Díaz na data 14/01/2026 13:15:03

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 13:15:08

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 13:15:17

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 13:15:22

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 13:15:32

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 13:15:42

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 13:15:51



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 13:17:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:17:08
Nº Rexistro: 45480
Data envío: 14/01/2026 13:17:08.842

CSV: BOPGDSPG-4hK4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:21:37
Nº Rexistro: 45481
Data envío: 14/01/2026 13:21:37.195

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 1ª**.

O día 29 de outubro o leste da península ibérica padeceu os efectos dunha DANA, que impactou sobre todo na Comunidade Valenciana causando gravísimas desfeitas e un número moi elevado de mortes.

O acontecido fainos reflexionar sobre os efectos que esta a ter no noso territorio o cambio climático, provocando que os fenómenos atmosféricos sexan cada vez máis agresivos e daniños.

A Xunta de Galicia por lei ten a obriga da superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos de forma unitaria para todo o territorio galego e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais.

A actual Lei de emerxencias é do ano 2007 (lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia) e tras 14 anos de goberno do PP, non só seguen a manter a mesma lei senón que non foron quen de desenvolver un regulamento para poder delimitar moitos aspectos necesarios para unha mellor aplicación dela e máis eficiente funcionamento dos recursos.

Por outra banda, temos o Platerga, aprobado no ano 2009, que é o documento técnico que ten como fin actuar como marco orgánico-funcional para a planificación das actuacións, xestión das emerxencias e mecanismo de coordinación entre as distintas administracións públicas implicadas e destas

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:33
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:32
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162809

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:21:37
Nº Rexistro: 45481
Data envío: 14/01/2026 13:21:37.195

cos particulares, e que establece as instrucións para permitir mobilizar os recursos humanos e materiais necesarios para a protección de persoas e bens. Dende o Grupo Socialista levamos moito tempo incidindo na importancia de ter un sistema de emerxencias dotado de medios materiais suficientes que dea respostas ante as diferentes situacións que poidan xurdir.

A realidade da Xunta de Galicia é que non se preocupou en todos estes anos de Goberno, máis dunha década, de actualizar os sistemas de emerxencias existentes e adecualos ás novas tecnoloxías nin ás novas situacións que poidan xurdir.

Feitos como o de Valencia fannos dar de conta da importancia dunha resposta rápida e axeitada ante as situacións de emerxencia que se poden dar na Comunidade Autónoma de Galicia, de ter recursos humanos e materiais necesarios e suficientes para facer fronte ás distintas tipoloxías de riscos que se poden dar, e da importancia dunha organización, planificación, coordinación e dirección de todos os axentes involucrados na emerxencia.

Ante esta situación, as deputadas que asina formulan a seguinte pregunta:

Entende o Goberno galego que conta cun sistema de emerxencias axeitado para dar unha resposta eficaz ante ás diferentes situacións extremas que poidan provocar os efectos do cambio climático?

Parlamento de Galicia, 14 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

162810

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:32:52

Patricia Iglesias Rey na data 14/01/2026 12:33:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:21:37
Nº Rexistro: 45481
Data envío: 14/01/2026 13:21:37.195

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 13:21:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:21:37
Nº Rexistro: 45481
Data envío: 14/01/2026 13:21:37.195

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, , Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Os Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Protexida Ribeira Sacra e Ribeiro solicitan acollerse á medida de colleita en verde habida conta dos excedentes de viño, especialmente o tinto, provocados pola caída de consumo do viño tinto a nivel global e os efectos a pandemia.

Solicitou, ademais, reducir a produción por hectárea, nas variedades tintas, de 9.500 a 7.500 quilos. Ambas iniciativas teñen por obxecto prepararse de cara a próxima colleita nunha aposta pola calidade fronte ao rendemento. A colleita en verde é unha medida extraordinaria especialmente efectiva xa que é a única actuación que elimina materia prima do mercado antes mesmo da súa transformación a viño. Este instrumento trata de evitar os efectos indesexables dunha potencial sobre oferta de uva o seguinte outono que lastrase as rendas dos viticultores das nosas rexións produtoras.

Para autorizar estas medidas a Xunta de Galicia deberá formalizar unha solicitude diante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a quen corresponde a autorización final e o orzamento destinados ás axudas correspondentes.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai o Goberno galego logo de formalizar a solicitude de colleita en verde que demandan os Consellos Reguladores da Ribeira Sacra e Ribeiro?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 13:21:30

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 13:21:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 13:21:48

José Mato Díaz na data 14/01/2026 13:21:59

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 13:22:06

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 13:22:17

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 13:22:30

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 13:22:40

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 13:22:49



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 13:23:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:23:46
Nº Rexistro: 45484
Data envío: 14/01/2026 13:23:46.239

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:25:26
Nº Rexistro: 45485
Data envío: 14/01/2026 13:25:26.703

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

O deporte supón un ámbito de extrema importancia para o desenvolvemento de accións e proxectos de difusión de valores, tanto pola relevancia que ten na súa propia práctica como polo valor simbólico e de imaxe que proxecta debido ao seu impacto na vida social cotiá da cidadanía.

Así, o deporte ten sido, e é, un instrumento de potenciación de valores sociais, así como correa de transmisión especialmente en idades novas polo seu valor formativo. No entanto, existen ámbitos nos que o deporte non está sendo de todo vangardista e precisa de impulsos decididos para a súa mellora. O campo da igualdade é un espazo que responde a esas características.

A recente Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte aprobada no Congreso dos Deputados inclúe dentro do seu articulado eixos fundamentais en canto á práctica deportiva, e apunta á igualdade como un obxectivo que debe ser acadado neste ámbito.

Consonte a isto, resulta necesario adaptar as normativas autonómicas que non recollían explicitamente estas cuestións para que se actualicen e promovan accións a favor da igualdade real. Este é o caso da Lei 3/2012, do 2 de abril do deporte de Galicia, que pode ser mellorada.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:41
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:41
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162816

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:25:26
Nº Rexistro: 45485
Data envío: 14/01/2026 13:25:26.703

1. Entende este goberno que a Lei 3/2012 do deporte de Galicia cumpre os parámetros en materia de igualdade establecidos na recente lexislación estatal?

2. Vai levar a cabo este goberno algún tipo de actuación para actualizar a lexislación deportiva en Galicia que ten máis dunha década?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162817

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:41:05

Patricia Iglesias Rey na data 14/01/2026 12:41:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:25:26
Nº Rexistro: 45485
Data envío: 14/01/2026 13:25:26.703

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 13:25:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:25:26
Nº Rexistro: 45485
Data envío: 14/01/2026 13:25:26.703

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 13:26:27
Nº Rexistro: 45487
Data envío: 14/01/2026 13:26:27.287

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

O dereito constitucional de acceso á xustiza e un pilar básico do noso Estado de dereito, que vén reforzado na Constitución co recoñecemento no art.119 da gratuidade da xustiza naqueles casos que dispoña a lei e, en todo caso, para quen acredite insuficiencia de medios para litigar.

A Lei de asistencia xurídica gratuíta establece o marco normativo deste dereito que é complementado coa normativa de carácter autonómico, en Galicia a Lei 4/2016, do 4 de abril, xa que a competencia para a aplicación e xestión deste dereito corresponde ás CC.AA con competencias transferidas.

Desde hai moitos anos a prestación deste servizo no noso territorio é claramente ineficaz debido a dúas razóns fundamentais por unha banda, o insuficiente orzamento destinado a este fin; e por outra, a falla de protección e amparo aos profesionais que forman parte da quenda de asistencia xurídica gratuíta.

Isto motivou que os letrados que prestan asistencia xurídica gratuíta en Galicia convocaron unha folga o pasado 21 de novembro que dura ata a actualidade na que reivindican que se cumpran os mínimos dereitos profesionais dos letrados que prestan estes servizos públicos e que se atopan nunha situación claramente discriminatoria.

Os socialistas e as socialistas defendemos este servizo como esencial para garantir a equidade nos dereitos da cidadanía polo que reclamamos ao

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:42
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:42
Dende o Concello de Fornelos de Montes enviouse ao goberno da Xunta hai anos un proxecto municipal de construción dunha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR), no que se solicitaba o seu financiamento, ao resultar imposible sufragar esta obra a un Concello cun orzamento anual de 2 millóns de €.

Sabemos que a prestación dos servizos de saneamento e abastecemento son unha responsabilidade de competencia municipal, pero a Xunta ten a obriga de prestar o apoio técnico e financeiro aos concellos que o necesiten co fin de mellorar a calidade das nosas augas e acadar unha mellor e máis sostible xestión.

Augas de Galicia anunciou para 2025 un orzamento que ascende a 144 millóns de euros, dos que 73 millóns de euros dixo que irían destinados á mellora das infraestruturas do ciclo da auga.





Os socialistas e as socialistas defendemos que o goberno da Xunta ten que apoiar os concellos en materia de xestión da auga e axudar a acadar o obxectivo de facer un uso eficiente dela para reducir a pegada hídrica e mellorar a calidade das masas de auga no conxunto da nosa comunidade e para iso é necesario que invista nas redes de saneamento, depuración e abastecemento dos diferentes concellos e nomeadamente no de Fornelos de Montes xa que estamos a falar dunha depuradora que verte a un encoro que abastece a máis de 500.000 persoas que habitan na área metropolitana de Vigo.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai financiar o Goberno galego unha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Portovilán, co obxectivo de mellorar o servizo de saneamento no concello de Fornelos de Montes?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:54:17

Aitor Bouza Manso na data 14/01/2026 12:54:27

Carlos López Font na data 14/01/2026 12:54:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45521
Data envío: 14/01/2026 14:05:36.405

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:05:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45521
Data envío: 14/01/2026 14:05:36.405

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45523
Data envío: 14/01/2026 14:06:36.053

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

O servizo de asistencia xurídica gratuíta, coñecido como *quenda de oficio*, constitúe un pilar fundamental do sistema de garantías e dereitos da cidadanía, especialmente das persoas en situación de vulnerabilidade. A súa existencia garante o acceso á tutela xudicial efectiva, consagrada no artigo 24 da Constitución española, e permite facer real e efectivo o principio de igualdade ante a lei.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, a prestación deste servizo depende da implicación directa dos colexios da avogacía e dos seus profesionais, coordinados a través do Consello da Avogacía Galega, sendo estes os que asumen a responsabilidade directa na defensa das persoas que non dispoñen de recursos suficientes para custear un proceso xudicial.

Desde o ano 2021, a Xunta de Galicia mantén en vigor un convenio coa avogacía galega para regular o financiamento deste servizo público, convenio que finaliza a súa vixencia ao remate do ano 2025. Este acordo supuxo avances puntuais, mais segue a ser insuficiente en diversos aspectos, como o recoñecemento económico adecuado das actuacións profesionais ou a inclusión de conceptos que actualmente non están recollidos pola normativa estatal de xustiza gratuíta.

Cómpre salientar que o Consello da Avogacía Galega leva tempo demandando a ampliación do convenio para adaptar a súa dotación económica ás

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:55
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:55
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162873

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45523
Data envío: 14/01/2026 14:06:36.053

necesidades reais do servizo, mellorar a cobertura de actuacións que actualmente non son retribuídas e simplificar a xestión administrativa do recoñecemento do dereito.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos imprescindible que a Xunta de Galicia, como administración responsable da xestión e dotación de recursos neste eido, inicie con carácter inmediato un proceso de diálogo co Consello da Avogacía Galega para elaborar un novo convenio que garanta unha financiación digna, estable e adaptada ás necesidades actuais do servizo.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai negociar a Xunta de Galicia co Consello da Avogacía Galega o novo convenio sobre a asistencia xurídica gratuíta antes da finalización do actual, previsto para decembro de 2025?
2. Recoñece a Xunta que o actual convenio é insuficiente para cubrir determinadas actuacións profesionais realizadas no marco da quenda de oficio e que estas deberían ser obxecto de compensación?
3. Ten intención a Consellería de Xustiza de ampliar a dotación económica destinada ao servizo de asistencia xurídica gratuíta no orzamento de 2026, tal e como vén reclamando o Consello da Avogacía Galega?
4. Por que razón a Xunta de Galicia aínda non atendeu peticións reiteradas do Consello da Avogacía Galega sobre a simplificación dos procedementos de xustificación das actuacións profesionais e a inclusión de novos conceptos no convenio?
5. Vai a Xunta de Galicia garantir que o novo convenio recoñeza expresamente o carácter de servizo público esencial da quenda de oficio e que os seus

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162874

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45523
Data envío: 14/01/2026 14:06:36.053

profesionais poidan exercer a súa función en condicións dignas e xustamente retribuídas?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162875

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:55:17

Patricia Iglesias Rey na data 14/01/2026 12:55:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45523
Data envío: 14/01/2026 14:06:36.053

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:06:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45523
Data envío: 14/01/2026 14:06:36.053

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45527
Data envío: 14/01/2026 14:07:47,562

Asinado o día 14/01/26
12:56
Por Carlos López For

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

No ano 2007, o Concello bipartito de Poio iniciou o procedemento urbanístico para habilitar solo industrial no ámbito de Fragamoreira, poñendo posteriormente ese solo a disposición da Xunta de Galicia para o seu desenvolvemento como parque empresarial.

Xestur planificou entón un polígono industrial de 386.000 metros cadrados, dos cales adquiriu 75.000 m² por acordo cos propietarios. O resto do solo, aínda que non foi adquirido, quedou recualificado como urbano, o que supuxo unha importante carga fiscal para a veciñanza afectada por incrementar o IBI, sen que o proxecto avanzase desde aquela.

Cómpre lembrar que o actual alcalde de Poio, entón na oposición, liderou a plataforma antipolígono, dificultando o desenvolvemento desta infraestrutura estratéxica.

Desde a chegada do Partido Popular á Xunta no ano 2009, o proxecto permaneceu paralizado, incluso durante a etapa en que a dirección de Xestur recaía nun poiense, o señor Javier Domínguez, quen non priorizou este proxecto.

Tras anos insistindo por parte do PSdeG na necesidade deste proxecto e nas consecuencias económicas da súa paralización co cambio de goberno municipal no ano 2023 o Goberno da Xunta pon enriba da mesa novamente este proxecto, e o 29 de setembro de 2025, o Consello da Xunta anunciou a

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:56
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:56
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162878

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45527
Data envío: 14/01/2026 14:07:47,562

aprobación inicial do Plan estruturante de solo empresarial (PEOSE), promovido por Xestur, cun investimento previsto de 29,9 millóns de euros.

Non obstante, no comunicado oficial faise referencia a “o novo ámbito” deste proxecto, sen aclarar se este corresponde ao mesmo plan previsto dende 2007 ou se supón unha modificación substancial da planificación anterior.

Tendo en conta o interese público, a situación da veciñanza afectada e o compromiso asumido no seu día polo Concello de Poio, dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que é imprescindible aclarar esta cuestión.

Ante esta situación, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. A que se refire exactamente a Xunta de Galicia cando no comunicado oficial do Consello da Xunta do 29 de setembro de 2025 se fala de “o novo ámbito” en relación co parque empresarial de Fragamoreira, en Poio?
2. Supón isto unha modificación respecto ao plan aprobado no seu día?
3. En que termos se produciría esa modificación, de existir?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162879

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:56:01

Aitor Bouza Manso na data 14/01/2026 12:56:10

Carlos López Font na data 14/01/2026 12:56:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45527
Data envío: 14/01/2026 14:07:47,562

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45527
Data envío: 14/01/2026 14:07:47,562

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:07:48

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45531
Data envío: 14/01/2026 14:08:42.481

Asinado o día 14/01/26
14:04
Por Paloma Castro Rey

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Aitor Bouza Manso e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O correcto funcionamento dos xulgados de violencia sobre a muller constitúe unha peza esencial do sistema de protección das vítimas, garantindo unha resposta xudicial áxil, especializada e segura nun ámbito de máxima sensibilidade social.

Porén, segundo consta nos escritos formais de denuncia presentados polo sindicato UGT ante a Dirección Xeral de Xustiza, a situación do Xulgado de Violencia sobre a Muller de Santiago de Compostela presenta deficiencias graves e persistentes dende o inicio do seu funcionamento efectivo, sen que a Xunta de Galicia adoptase as medidas necesarias para corrixilas.

Entre as incidencias denunciadas destacan:

- A imposibilidade do persoal de reforzo de acceder ás aplicacións informáticas esenciais, o que supón a perda real de efectivos nun xulgado xa sobrecargado.
- A falta de medios materiais básicos, como mesas de traballo suficientes, evidenciando unha absoluta falta de planificación por parte da Administración autonómica.
- A ausencia de formación específica do persoal procedente doutras xurisdicións, obrigando a sostelo funcionamento do órgano grazas á boa vontade do persoal procedente do antigo Xulgado de Instrución nº 3.

Asinado o día 14/01/2026 ás
14:04
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 14/01/2026 ás
14:04
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162882

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45531
Data envío: 14/01/2026 14:08:42.481

- A existencia dunha situación de caos organizativo, con varios detidos simultaneamente, que xera inseguridade tanto para o persoal como para as propias vítimas.
- A dispersión física do persoal do xulgado, dificultando o traballo coordinado.
- A falta de espazos adecuados para a práctica de declaracións, chegando a utilizarse despachos non habilitados para tal fin, cun grave risco para a intimidade, a seguridade e a calidade procesual.

Estas deficiencias non poden cualificarse como incidencias puntuais, senón como consecuencia directa dunha xestión deficiente por parte da Xunta de Galicia, que ten as competencias en materia de medios persoais e materiais da Administración de Xustiza.

Resulta especialmente grave que esta situación se produza nun xulgado de violencia de xénero, onde cada atraso, cada erro organizativo e cada carencia de medios repercute directamente na protección das vítimas, vulnerando os principios de dilixencia debida e atención integral que deben rexer esta materia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia dos escritos de denuncia presentados polo sindicato UGT sobre a situación do Xulgado de Violencia sobre a Muller de Santiago de Compostela? En que datas foron recibidos?
2. Que explicación ofrece a Xunta de Galicia para que, a pesar das advertencias formuladas o día 2 de xaneiro, as deficiencias denunciadas sigan sen corrixirse?

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

162883

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45531
Data envío: 14/01/2026 14:08:42.481

3. Por que motivo o persoal de reforzo non dispón de acceso ás aplicacións informáticas necesarias para o desempeño das súas funcións?
4. Que medidas concretas adoptou ou pensa adoptar a Dirección Xeral de Xustiza para garantir a formación específica do persoal destinado neste xulgado?
5. Considera a Xunta de Galicia aceptable que un xulgado de violencia sobre a muller funcione con carencias materiais básicas, falta de espazos adecuados e cunha organización que o propio persoal cualifica de caótica?
6. Que prazos manexa a Xunta para a corrección total das deficiencias denunciadas?
7. Que garantías ofrece o Goberno galego de que esta situación non se repetirá noutros xulgados especializados en violencia de xénero?

Santiago de Compostela, a 14 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

162884

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 14/01/2026 14:04:10

Aitor Bouza Manso na data 14/01/2026 14:04:16

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 14:04:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45531
Data envío: 14/01/2026 14:08:42.481

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:08:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45531
Data envío: 14/01/2026 14:08:42.481

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45532
Data envío: 14/01/2026 14:09:04.034

Asinado o día 14/01/26
12:57
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade absoluta das políticas públicas, con recursos suficientes, planificación rigorosa e compromiso político firme. A protección das mulleres vítimas de violencia machista non pode quedar á marxe da acción efectiva da administración.

Non obstante, a análise da execución orzamentaria da partida 313D - Protección e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, correspondente ao último exercicio fiscal, pon de manifesto graves deficiencias na xestión por parte da Xunta de Galicia. Os datos oficiais amosan unha execución escasa dos fondos dispoñibles:

- Crédito inicial (CI): 26.467 €
- Crédito vixente (CV): 29.347 €
- Obrigacións recoñecidas (O): 6.764 €
- Execución sobre crédito vixente (O/CV): 23,0 %
- Execución sobre crédito inicial (O/CI): 25,6 %

Este nivel de execución, inferior ao 26 %, evidencia unha alarmante falta de vontade política e unha ineficiente xestión dos recursos públicos destinados a un ámbito tan sensible como a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

A esta situación hai que engadir o que recolle o último informe do Consello de Contas, que alerta da diminución das campañas de sensibilización e da escasa

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:57
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:57
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162887

28071 Madrid



execución das actuacións previstas nesta materia, pese a ser ferramentas fundamentais para a prevención da violencia e a concienciación social.

O Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE considera inadmisíbel que, nun momento no que a sociedade galega esixe máis compromiso institucional contra a violencia machista, a Xunta de Galicia non execute nin a cuarta parte do orzamento destinado a este fin. A falta de execución non é un problema técnico, senón político.

Por iso, é urxente unha rectificación por parte do Goberno galego e a posta en marcha dun plan realista, ambicioso e eficaz que asegure que os fondos chegan ás mulleres que os precisan e contribúan a construír unha sociedade libre de violencia.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Como xustifica o Goberno galego que a execución da partida 313D – Protección e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero – nos datos do 2º trimestre do ano 2025, se situase por debaixo do 26 %, deixando sen gastar máis do 75% dos recursos destinados á loita contra a violencia machista?
2. Pode explicar cales foron os criterios que levaron á redución ou paralización das campañas de sensibilización e prevención da violencia de xénero, e que medidas pensa adoptar para reverter esta tendencia sinalada polo Consello de Contas?
3. Ten previsto o Goberno galego establecer mecanismos de avaliación e seguimento que garantan unha execución orzamentaria máis eficaz e transparente nos vindeiros exercicios, tal e como veñen reclamando tanto os informes de fiscalización como os colectivos sociais implicados?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45532
Data envío: 14/01/2026 14:09:04.034

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162889

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:57:10

Elena Espinosa Mangana na data 14/01/2026 12:57:24

Silvia Longueira Castro na data 14/01/2026 12:57:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45532
Data envío: 14/01/2026 14:09:04.034

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:09:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45532
Data envío: 14/01/2026 14:09:04.034

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45535
Data envío: 14/01/2026 14:10:13.592

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

A loita contra a violencia de xénero continúa sendo unha prioridade irrenunciable para unha sociedade xusta, igualitaria e democrática. Porén, a realidade amosada pola *Memoria da Fiscalía Xeral do Estado 2025* revela graves deficiencias estruturais e territoriais na resposta institucional ás vítimas, especialmente no ámbito galego.

No relativo ás Unidades de Valoración Forense Integral (UVFI), fundamentais para garantir a protección efectiva das vítimas, a situación en Galicia é alarmante. A Coruña conta con só tres equipos, claramente insuficientes; en Pontevedra prodúcese demoras de ata 14 meses na emisión de informes; e en Lugo os tempos de espera son de 6 meses para os informes integrais e de 9 para os civís.

Galicia rexistra, ademais, o maior retraso estatal cunha media de 9,5 meses, con 14 meses de retraso Pontevedra é o peor dato do Estado. Esta realidade obstaculiza a protección xudicial urxente e pon en risco a integridade das vítimas.

O propio informe subliña que estas deficiencias se manteñen dende hai anos, sen que se teñan corrixido os problemas xa identificados na memoria de 2023. A carencia de persoal, a desigual implantación das UVFI e a ausencia de equipos de garda permanentes seguen sendo a norma en moitas provincias. O informe GREVIO de novembro de 2024 tamén incide na falta de especialización e na insuficiencia dos recursos dispoñibles.

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:58
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:58
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162892

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45535
Data envío: 14/01/2026 14:10:13.592

A Valoración Policial do Risco, clave para a adopción de medidas de protección, tampouco sempre ofrece unha resposta eficaz, sendo frecuente a denegación destas medidas pola catalogación do risco como “non apreciado” ou “baixo”, sen atender ao contexto completo da vítima. A pesares de que en Galicia se valora positivamente a colaboración coas forzas e corpos de seguridade, existen boas prácticas puntuais (como en Pontevedra), que deberían ser estendidas e sistematizadas en todo o territorio.

En canto ás Oficinas de Atención ás Vítimas (OAV), se ben se constatan avances, como a posta en marcha dun programa informático ou o incremento de atencións —343 mulleres na Coruña, 142 expedientes en Pontevedra e 132 intervencións en Lugo durante 2024—, tamén persisten carencias: escasa formación específica do persoal, falta de protocolos comúns, deficiente acceso a bases de datos, espazos inadecuados e coordinación mellorable entre institucións.

Os datos do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes amosan un incremento significativo das atencións (30.279 en 2024, un 15,26 % máis ca en 2023), dos acompañamentos (8.284, +19,78 %) e dos seguimentos (16.464, +58,35 %), o que reflicte un maior esforzo institucional, pero tamén a necesidade de recursos humanos e materiais suficientes para sostelo.

En resumo, Galicia sofre atrasos intolerables na protección efectiva das vítimas, desigualdade territorial no acceso a recursos, e deficiencias crónicas no sistema de atención e valoración, que esixen unha resposta política decidida.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para reducir os tempos de espera actuais nas Unidades de Valoración Forense Integral (UVFI),

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

162893

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45535
Data envío: 14/01/2026 14:10:13.592

especialmente na provincia de Pontevedra, onde os retrasos superan amplamente os prazos razoables para garantir unha protección efectiva ás vítimas?

2. Vai a Xunta de Galicia dotar de máis persoal especializado ás UVFI e garantir a súa dispoñibilidade nas quendas de garda, tal e como recomendan tanto a Fiscalía Xeral do Estado como os informes internacionais en materia de violencia de xénero?

3. Ten previsto o seu departamento reforzar a formación do persoal das Oficinas de Atención ás Vítimas (OAV) en materia de xénero, infancia e diversidade, así como homoxeneizar protocolos e mellorar o acceso ás bases de datos que permitan ofrecer unha información completa ás vítimas?

4. Que actuacións está a desenvolver ou prevé desenvolver a Xunta para garantir que todas as sedes xudiciais galegas dispoñan de espazos dignos, seguros e adaptados para a atención ás vítimas de violencia de xénero, así como de salas específicas para a súa asistencia e protección?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

162894

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:58:21

Patricia Iglesias Rey na data 14/01/2026 12:58:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45535
Data envío: 14/01/2026 14:10:13.592

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:10:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45535
Data envío: 14/01/2026 14:10:13.592

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45537
Data envío: 14/01/2026 14:11:25.458

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 8ª**.

O marisqueo constitúe unha actividade económica, social e cultural esencial para Galicia, en especial nas zonas costeiras e nas rías. Segundo os últimos datos dispoñibles, máis de 4.500 persoas dedícanse profesionalmente ao marisqueo por conta propia, sendo a modalidade “a pé” maioritariamente feminina, cunha presenza de mulleres superior ao 90 % neste segmento.

Nos últimos anos observamos unha preocupante diminución da base social do sector: a principios da década pasada, había máis de 7.000 mariscadoras censadas; na actualidade, esta cifra redúcese a menos de 5.000.

O envellecemento da poboación marisqueira, a falta de incorporación de novas xeracións, a precariedade económica e a dificultade para conciliar a vida profesional e familiar sitúan o marisqueo galego nunha encrucillada histórica.

A situación ten repercusión directa sobre a sustentabilidade do recurso, a viabilidade das confrarías e a economía de moitos fogares galegos.

Nun contexto no que o conxunto do sector marítimo-pesqueiro dá emprego a máis de 50.000 persoas en Galicia, é imprescindible adoptar medidas públicas de apoio, planificación e protección para garantir o futuro do marisqueo.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:59
Por Carlos López Font

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:59
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162897

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45537
Data envío: 14/01/2026 14:11:25.458

1. Cal é a valoración do director xeral sobre a evolución do número de persoas profesionais no marisqueo galego na última década?

2. Que medidas está a adoptar a Xunta para facer fronte ao envellecemento e á perda de base social neste sector?

3. Ten previsto a Consellería implementar algunha medida específica de apoio para facilitar a incorporación de persoas novas ao marisqueo, tanto na modalidade a pé como con embarcación?

4. Como ten previsto a Xunta garantir que as políticas marisqueiras integren de forma efectiva a perspectiva de xénero, recoñecendo o papel das mariscadoras a pé e facilitando a súa continuidade e representatividade no sector?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162898

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:59:09

Carlos López Font na data 14/01/2026 12:59:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45537
Data envío: 14/01/2026 14:11:25.458

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:11:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45537
Data envío: 14/01/2026 14:11:25.458

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45539
Data envío: 14/01/2026 14:12:31.193

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 8ª**.

O problema da variabilidade e a falta de atención por parte da Xunta de Galicia sobre as zonas de libre marisqueo da ría de Arousa foi obxecto de numerosas críticas e problemas xurdidos desde o sector traballador do mar. Non obstante, a posición rochosa e conformista do Goberno da Xunta de Galicia ten fomentado a perda de capacidade produtiva da ría, o que vén aumentando o abandono de permisos de marisqueo que teñen caído arredor de 3.000 na última década.

O modelo de xestión das zonas de libre marisqueo foi tamén un problema xerado pola Consellería do Mar, quen abandonou as súas responsabilidades entregando a capacidade de xestión ás propias confrarías pero sen dotar dos medios axeitados os recursos necesarios para iso. O obxectivo do Goberno galego de fomentar a existencia de dificultades e problemas estase a cumprir, pero a gravidade da situación aumenta no que corresponde á produción e aproveitamento do traballo por parte do sector do mar.

Nas recentes datas volven a existir problemas derivados do abandono da xestión que fixo a Xunta de Galicia dos bancos marisqueiros na ría de Arousa, fomentando a confrontación entre o sector que tanto rédito lle dá e ao igual que fixo noutros ámbitos como mexilloeiros fronte a bateeiros.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:59
Por Carlos López Font

Asinado o día 14/01/2026 ás
12:59
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162901

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45539
Data envío: 14/01/2026 14:12:31.193

1. Como valora o Goberno galego a situación actual dos conflitos entre confrarías existentes con respecto á xestión dos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa?
2. Ten a intención o Goberno galego de funcionar como mediadora no que corresponde á xestión dos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa?
3. Por que o Goberno galego abandonou a xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

162902

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 12:59:49

Carlos López Font na data 14/01/2026 12:59:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45539
Data envío: 14/01/2026 14:12:31.193

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45539
Data envío: 14/01/2026 14:12:31.193

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:12:32

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45541
Data envío: 14/01/2026 14:14:03,908

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 8ª**.

As rías galegas son referenciadas no mundo por, entre outras cousas, a súa capacidade produtiva de marisco de distintas especies. Nomeadamente o marisqueo, sexa a flote ou a pé, é un sinal de identidade que, ademais, é un sector economicamente relevante do que viven milleiros de familias de maneira directa e indirecta e do que dependen en boa parte as economías locais de moitas vilas das nosas rías.

Nos últimos anos a perda de capacidade produtiva está sendo un grave problema que debe ser atallado en toda a medida que sexa posible e sobre a que faltan medidas decididas que afronten unha realidade que, sendo multicausal, pode ter maior implicación por parte da administración responsable.

Especificamente, os problemas de aumento e diminución brusca da salinidade veñen provocando, xunto a outras causas, episodios de enorme mortalidade de marisco. Son notoriamente coñecidos os episodios nas rías de Arousa ou de Muros – Noia, afectando a diversas especies entre as que se atopan a ameixa e o berberecho, referentes indiscutibles nesas rías.

As causas dos bruscos cambios de salinidade das augas son varios, pero algúns deles ten responsabilidade directa de xestión que é claramente mellorable, como o control dos desaugues dos encoros que verten as súas augas aos ríos que desembocan nestas rías, ou de maneira case directa contra as bocas destas rías. No caso das dúas rías manifestadas son coñecidos polo

Asinado o día 14/01/2026 ás
13:00
Por Carlos López Font

Asinado o día 14/01/2026 ás
13:00
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162905

28071 Madrid

@PSDeG



sector os episodios de baleirado dos encoros de maneira brusca, sen control e sen aviso ou con advertencias apenas a feitos consumados a algunhas entidades de emerxencias da contorna.

Sendo natural asumir que os procesos de baleirado de auga veñen marcados pola propia cantidade acumulada desta, non é menos natural entender que é posible regularse e controlar estes desaugues de maneira máis axustada para non prexudicar ao sector marisqueiro. Así, a coincidencia destes episodios con momentos concretos de mareas e secas para mariscar provocan que o impacto desas grandes masas de auga doce sexan claramente máis problemáticas para o marisco que se se fai de maneira graduada e aproveitando momentos de marea chea para que o volume de auga salgada que recibe o desaugado sexa maior e, así, asuma mellor tanto os cambios de salinidade como a entrada brusca e con forza que afecta ao propio produto e ao sistema medioambiental da ría. Cabe apuntar, ademais, que a baixada de fortes masas de auga en momentos de sexa, cando hai xente traballando no mar, ten provocado algunha situación de incerteza e descontrol na xente que traballa e que pode afectar á súa seguridade.

Os encoros referidos son xestionados por empresas de titularidade privada a través de concesións da xestión por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. É consciente o Goberno galego dos problemas que provoca o descontrol e desregulación dos baleirados dos encoros que afectan sobre bancos marisqueiros?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45541
Data envío: 14/01/2026 14:14:03,908

2. Coñece o Goberno galego a valoración e os problemas que transmiten os colectivos de persoas mariscadoras e as confrarías de pescadores sobre os encoros e a falta de coordinación no labor de baleirado?
3. Ten previsto o Goberno galego establecer un protocolo que pretenda regular esta situación da afectación dos baleirados dos encoros cando afectan a bancos marisqueiros das rías galegas?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

162907

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 13:00:28

Carlos López Font na data 14/01/2026 13:00:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45541
Data envío: 14/01/2026 14:14:03,908

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:14:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45541
Data envío: 14/01/2026 14:14:03,908

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45543
Data envío: 14/01/2026 14:15:08,563

Asinado o día 14/01/26
13:01
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 4ª**.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ten a obriga de emitir informes preceptivos sobre determinadas actuacións urbanísticas que afectan ao patrimonio cultural. Moitos concellos da provincia de Pontevedra veñen manifestando demoras significativas na recepción destes informes, o que repercute negativamente na xestión urbanística e na seguridade xurídica de veciñas/veciños e promotores.

Asinado o día 14/01/2026 ás
13:01
Por Silvia Longueira Castro

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é o prazo medio que tarda a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en remitir aos concellos da provincia de Pontevedra os informes preceptivos no marco das solicitudes de autorización urbanística?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Asinado o día 14/01/2026 ás
13:01
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

162910

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 13:01:16

Silvia Longueira Castro na data 14/01/2026 13:01:23

Aitor Bouza Manso na data 14/01/2026 13:01:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45543
Data envío: 14/01/2026 14:15:08,563

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:15:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45543
Data envío: 14/01/2026 14:15:08,563

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45545
Data envío: 14/01/2026 14:16:16.633

Asinado o día 14/01/2026 ás 13:02
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª**.

O investimento en infraestruturas de alta calidade é esencial para a mellora da seguridade viaria, xa que permite reducir de forma significativa a existencia de accidentes de tráfico e as súas consecuencias. O crecemento destas infraestruturas permite separar de maneira máis efectiva aos peóns dos vehículos, reducindo o risco de atropelos e aumentando a seguridade para os usuarios máis vulnerables da vía. O desenvolvemento de melloras en seguridade viaria tamén é fundamental para promover unha mobilidade inclusiva. Nas zonas nas que o tráfico é moi importante, unha mobilidade sostible soamente é posible mediante a construción de sendas peonís xa que melloran a seguridade viaria, tanto para os vehículos como para os peóns.

Asinado o día 14/01/2026 ás 13:02
Por Carlos López Font

Un lugar no que a construción dunha senda peonil é unha actuación moi necesaria, é no tramo da estrada autonómica PO-255 que conecta a parroquia de Caritel coa parroquia de Forzáns, no concello de Ponte Caldelas. Neste tramo da PO-255 circula unha cantidade moi importante de persoas, tanto en vehículo como a pé, unha situación que está a xerar graves problemas para a seguridade viaria dos peóns.

Asinado o día 14/01/2026 ás 13:02
Por Paloma Castro Rey

A veciñanza destas parroquias vive esta realidade desde hai moito tempo e aínda así a Xunta de Galicia segue sen atender as súas demandas. A construción dunha senda peonil para este tramo da PO-255 segue pendente a pesar dos reclamos e é unha actuación que non pode seguir esperando se se quere garantir a seguridade viaria dos veciños e veciñas de Caritel e de Forzáns e se se espera que a PO-255 se converta nunha vía de comunicación segura tanto para os vehículos como para os peóns.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45545
Data envío: 14/01/2026 14:16:16.633

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta de Galicia construír unha senda peonil no tramo da estrada autonómica PO-255 que conecta as parroquias de Caritel e de Forzáns no concello de Ponte Caldelas, para garantir a seguridade viaria dos veciños e veciñas que circulan a pé por este viario?
2. Considera a Xunta de Galicia que as condicións actuais deste tramo son as adecuadas para que os veciños e veciñas de Caritel e de Forzáns poidan circular a pé de forma segura pola PO-255?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026





Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento

@PSdeG

go.lego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 13:02:09

Carlos López Font na data 14/01/2026 13:02:15

Aitor Bouza Manso na data 14/01/2026 13:02:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45545
Data envío: 14/01/2026 14:16:16.633

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45545
Data envío: 14/01/2026 14:16:16.633

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:16:17

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45547
Data envío: 14/01/2026 14:18:21.605

Asinado o día 14/01/2026 ás 13:03
Por Carlos López For

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

No mes de febreiro de 2025 entrou en vigor a Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración ecolóxicas aprobada pola Xunta como unha medida para o cumprimento do Pacto Verde Europeo consistente na creación dunha rede territorial continua de espazos e elementos, que melloren a resiliencia ante o cambio climático, contribúan á conservación da biodiversidade e beneficien ás poboacións das contornas.

Asinado o día 14/01/2026 ás 13:03
Por Aitor Bouza Manso

Dende o Grupo Socialista cremos que é esencial desenvolver este proxecto non só polos beneficios ecolóxicos que pode ter senón tamén turísticos e de conectividade.

Por iso, cremos que acompañando a esta estratexia ten que existir un plan que estableza as accións concretas a desenvolver no noso territorio, que estas estean debidamente orzamentadas e que conclúa cunha avaliación do seu grao de cumprimento.

Por outra banda, e dentro deste plan de infraestruturas verdes, sinalar que os socialistas levamos anos traballando na posibilidade de creación dunha Gran Vía Verde Atlántica que percorra dende A Coruña ata Portugal e conecte coa existente no país veciño, aproveitando os tramos de sendas verdes xa existentes (Cerceda-Oroso; Vilagarcía Portas; Redondela-Vigo), antigas vías de tren abandonadas (Pontevedra-Arcade) ou camiños preexistentes.

Asinado o día 14/01/2026 ás 13:03
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

162919

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45547
Data envío: 14/01/2026 14:18:21.605

Unha gran vía verde peonil e ciclable que poida tamén incorporar a Galicia á rede europea de rutas ciclistas EUROVELO, e conecte coa rede existente en Portugal que chega ata Vilanova da Cerveira.

Ante esta situación, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto este goberno aprobar un plan de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas, para desenvolver a Estratexia do mesmo nome, que conte con accións concretas a desenvolver, que estea debidamente orzamentado e que conclúa cunha avaliación do seu grao de cumprimento?
2. Comparte este goberno que a creación dunha gran vía verde atlántica, peonil e ciclista, pode ter grandes beneficios ecolóxicos, turísticos e de conectividade?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

162920

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/01/2026 13:03:06

Aitor Bouza Manso na data 14/01/2026 13:03:15

Carlos López Font na data 14/01/2026 13:03:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45547
Data envío: 14/01/2026 14:18:21.605

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:18:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45547
Data envío: 14/01/2026 14:18:21.605

CSV: BOPGDSPG-4hK4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**

A lingua azul é unha enfermidade vírica non contaxiosa que afecta ós ruminantes domésticos e salvaxes. Transmítese a través da picadura de varias especies de mosquitos. A gravidade da enfermidade varía moito segundo a cepa do virus e a especie afectada. As ovellas son as máis sensibles á enfermidade, aínda que determinadas cepas provocan síntomas no gando bovino.

As cabras son moi pouco sensible a este virus. A lingua azul afectou a Galicia por primeira vez en 2008, cando se detectaron focos do serotipo 8, que se desprazou desde a súa zona inicial de detección nos Países Baixos cara a Francia e España entre outros países, e sobre todo do serotipo 1, procedente do sur de España. Logo da campaña de vacinación levada a cabo no período 2008-2010 conseguiuase o control e erradicación da enfermidade e a recuperación para Galicia do estatuto de zona libre de lingua azul.

Posteriormente, como consecuencia da diseminación do serotipo 4 nos últimos anos en Portugal e no sur e no oeste de España, en febreiro de 2023 detectouse a presenza desta cepa en explotacións bovinas das provincias de Ourense e Pontevedra. Estas dúas provincias e as comarcas veterinarias de Chantada, Sarria e Terra de Lemos Quiroga da provincia de Lugo, foron catalogadas como zonas restrinxidas fronte o serotipo 4 da lingua azul, polo que a vacinación pasou a ser obrigatoria nelas. Así mesmo, en novembro de 2023 detectáronse varios focos deste mesmo serotipo en explotacións bovinas da provincia da Coruña, polo que toda Galicia pasou a ser considerada zona restrinxida desta enfermidade, con obriga de vacinación en toda a Comunidade Autónoma.

Con obxecto de apoiar ó sector gandeiro, a Xunta de Galicia estableceu un sistema público de vacinación de balde. Co fin de incrementar a intensidade das vacinacións, tamén se habilitou a posibilidade de que o persoal veterinario privado ou o das Asociacións de Defensa Sanitaria Gandeira AD SG puidese vacinar o gando das explotacións (nestes casos a Xunta de Galicia facilitou gratuitamente a vacina). Tal como se publicou nalgúns medios de comunicación e manifestou a propia Xunta de Galicia, o Comité de Alerta Sanitaria Veterinaria, integrado polo MAPA e as





Comunidades Autónomas, ante a situación da lingua azul en España, decidiu a principios do mes de xaneiro deste ano modificar a estratexia para abordar esta enfermidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. En que sentido se modificou a estratexia para abordar a lingua azul en España?
2. Cales foron os motivos para modificar esta estratexia a nivel nacional?
3. Que repercusións ten a nova estratexia para os movementos de animais?
4. Considera axeitada a Xunta de Galicia esta nova estratexia?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 14:32:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 14:32:11

José Mato Díaz na data 14/01/2026 14:32:21

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 14:32:26

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 14:32:35

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 14:32:42

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 14:32:56

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 14:33:04

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 14:33:12



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 14:34:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45553
Data envío: 14/01/2026 14:34:23.079

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

En 2022 era posto en consideración do Parlamento de Galicia un “novo concepto” no que se refire ás instalacións do Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Na pretensión de mellorar as súas condicións, establecíanse as Bases de Unidades Operativas –mellor coñecidas polas súas siglas como BUO–, no seo do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural 2021-2026. Estas BUO viñan a substituír os actuais puntos de encontro das brigadas forestais.

Deste xeito, naquel momento planificábase a súa implantación coa construción de tres destas bases nos concellos de Muíños (Ourense), Mondoñedo (Lugo) e Rianxo (A Coruña), así como coa reforma integral de máis dunha decena de bases espalladas polo territorio, destacando as obras da sede do distrito forestal XIV Verín-Viana.

Neste sentido, cómpre sinalar que estas BUO son espazos dedicados á defensa do monte, contedores de servizos de protección forestal que poden funcionar como nodo de todos os axentes participantes na defensa do monte, favorecendo a conciliación entre o tempo de traballo e de descanso dos brigadistas, e tendo en conta a integración na contorna.

A estes efectos, tamén xorde o interese por coñecer a evolución, desde a súa inauguración en decembro de 2023, do Centro integral de loita contra o lume, que se presentaba como referente en formación, cooperación e investigación en incendios forestais; sobre todo, en relación coa parte rehabilitada e posta en práctica da que era a lavandaría do antigo psiquiátrico para convertelo nun espazo formativo e administrativo.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego acerca do avance do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural en relación coa posta en práctica das Bases de Unidades Operativas e do Centro integral de loita contra lume?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 15:52:20

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 15:52:26

José Mato Díaz na data 14/01/2026 15:52:34

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 15:52:40

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 15:52:47

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 15:52:55

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 15:53:06

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 15:53:13

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 15:53:20



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 15:54:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45561
Data envío: 14/01/2026 15:54:50.109

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

As aldeas modelo xorden da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia co obxectivo principal de poñer en produción, de xeito sustentable, as terras abandonadas de alta capacidade produtiva que rodean os núcleos de poboación, contribuíndo así á creación de actividade agrogandeira e á redución do risco de incendios.

Neste sentido, as terras do perímetro da aldea deben estar, no momento da aplicación deste instrumento de recuperación –totalmente voluntario–, nun estado de abandono, ao tempo que deben ter boa capacidade produtiva. Así mesmo, é necesario o acordo das persoas propietarias dun mínimo do 70% da superficie, que se comprometen a incorporar estes terreos ao Banco de Terras por un período mínimo de 10 anos, coa finalidade de asegurar a recuperación dos mesmos. Incluso antes da aprobación da norma na cal se integran as aldeas modelo, estas xa tiveron gran aceptación entre a sociedade, sobre todo, rural. E, de feito, o seu éxito, como ocorre con outros instrumentos regulados pola Lei de recuperación a efectos da mobilización e recuperación de terra agraria, compróbase na práctica realidade.

Así mesmo, cómpre sinalar que tamén se convocan axudas para proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos locais en aldeas modelo, do que se desprende, non só a súa aplicabilidade e éxito, senón a súa efectividade no tocante á rehabilitación integral dos núcleos rurais onde se atopan. As actuacións subvencionables a través destas axudas, cuxo obxecto é reforzar estes servizos públicos e dotacións básicas proporcionados á poboación rural das aldeas modelo –favorecendo a implantación de actividades que xeren emprego e fixen poboación–, son, entre outras, a rehabilitación de espazos públicos ou edificios destinados a servizos públicos, a mellora de vías públicas, as redes de servizos (alumeado, auga, saneamento, enerxía, comunicacións...), servizos asistenciais e culturais ou a rehabilitación de elementos patrimoniais como hórreos, fontes, lavadoiros ou muíños.

Esta liña de axudas estivo dotada dun orzamento total de 3 millóns de euros distribuídos en dúas anualidades (2024-2025), co fin de facilitar a execución dos proxectos.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego das aldeas modelo galegas e que evolución están a ter en relación á recuperación de terra?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 14/01/2026 15:59:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 15:59:33

José Mato Díaz na data 14/01/2026 15:59:40

Enrique Barreiro Sánchez na data 14/01/2026 15:59:46

Cristina Campero Dorado na data 14/01/2026 15:59:57

Juan Manuel Casares Gándara na data 14/01/2026 16:00:04

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 16:00:12

Ángel Rodríguez Conde na data 14/01/2026 16:00:23

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 16:00:31



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 16:03:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45563
Data envío: 14/01/2026 16:03:22.810

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45566
Data envío: 14/01/2026 17:35:44.314

Asinado o día 14/01/26
Por María Encarnación
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O pasado mes de setembro iniciábase en Galicia un novo curso nas escolas infantís de 0-3 anos. Esta a ser, por cuarta ocasión consecutiva, un curso totalmente gratuíto para as familias en toda a rede de escolas (públicas, privadas ou de iniciativa social). Máis de 32.000 familias galegas beneficiaranse desta medida.

A Xunta destina máis de 65 millóns de euros de fondos autonómicos neste curso á gratuidade, que permite aos pais aforrar máis de 3.000 euros por fillo. Así mesmo, catro anos despois da súa implantación, Galicia segue a ser a única comunidade autónoma que ofrece oito horas diarias de atención educativa de balde durante once meses ao ano.

O Goberno galego marcouse como obxectivo para este novo curso que a nosa comunidade continúe liderando a escolarización 0-3 anos. As cifras deixan claro que Galicia é líder absoluta en escolarización no primeiro ciclo de Educación Infantil, coa maior taxa neta de escolaridade na etapa 0-3, moi por riba da media española e das ratios recomendadas

Ademais da gratuidade das escolas infantís 0-3, a Xunta ten outras medidas de apoio ás familias e á conciliación. Entre estas destacan a creación de casas niño para as familias que viven no rural, as axudas á crianza dos fillos a través da Tarxeta Benvinda ou o Bono Concilia Familia para que os pais poidan contratar un servizo de conciliación sempre que o necesiten.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que supón para Galicia a consolidación como a única Comunidade autónoma que ofrece a gratuidade das escolas infantís por cuarto ano consecutivo en todos os centros da Comunidade?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 14/01/2026 ás
17:33
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 14/01/2026 ás
17:33
Por Raquel Arias Rodríguez



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 14/01/2026 17:33:04

Noelia Pérez López na data 14/01/2026 17:33:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 17:33:18

Víctor Baladrón Lamas na data 14/01/2026 17:33:28

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 17:33:40

Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/01/2026 17:33:49

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/01/2026 17:33:58

Maria Magdalena Perez Millares na data 14/01/2026 17:34:03



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 17:35:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45566
Data envío: 14/01/2026 17:35:44.314

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45569
Data envío: 14/01/2026 17:40:40,956

Asinado o día 14/01/26
Por María Encarnación
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Hai un ano, en xaneiro de 2025, o Goberno galego puxo en marcha un plan de choque dotado con 90 millóns de euros para axilizar a valoración da dependencia. A iniciativa, incluída na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompañaba aos orzamentos de 2025, establece tamén un sistema de correspondencia entre o grao de dependencia e o de discapacidade.

Así ao grao 1 corresponde o de discapacidade do 33%; o 2 equipárase a un 66% de discapacidade, e o grao 3 ten o seu equivalente nun 100% do de discapacidade. Esta medida do Goberno galego xa permitiu alixeirar trámites que afrontan as persoas dependentes e xa beneficiou entorn a 10.200 galegas e galegos que acadaron esta equiparación.

Con todo, o recurso ante o Tribunal Constitucional interposto polo Executivo de Pedro Sánchez é unha nova traba á atención á dependencia en Galicia e pon en risco os dereitos de todas estas persoas dependentes aos que se lles recoñeceu de maneira automática a discapacidade.

Dáse o paradoxo de que ao mesmo tempo que recorre, o Goberno de Sánchez está a impulsar unha reforma legal moi similar, aínda que algo menos ambiciosa, xa que permitirá equiparar o grao de dependencia co de discapacidade ata un máximo do 65%.

Entre as razóns que levan ao Executivo estatal de esquerdas a presentar este recurso hai quen pode sospeitar un pretendido aforro polo custo desta medida. O recoñecemento da discapacidade leva aparelladas distintas vantaxes fiscais. Segundo estimacións estas deducións teñen un custo medio duns 9.000 euros por beneficiario para as arcas estatais.

Tamén parece evidente a vontade de obstaculizar un plan de axilización que xa está a dar os seus froitos. De feito, os últimos datos do Observatorio Estatal para a Dependencia, testemuñan esta melloría.

Asinado o día 14/01/2026 ás
17:38
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 14/01/2026 ás
17:38
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





As mesmas sospeitas dedúcense da estratexia do Executivo central cando se está a negar a pagar o que lle corresponde do financiamento da dependencia e saldar canto antes a débeda de máis de 2.500 millóns de euros que ten cos galegos e galegas neste ámbito.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que avances se acadaron na atención á dependencia e discapacidade grazas ao Plan de Choque impulsado pola Xunta de Galicia e recorrido polo Executivo de Pedro Sánchez ante o Tribunal Constitucional?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 14/01/2026 17:38:29

Noelia Pérez López na data 14/01/2026 17:38:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/01/2026 17:38:46

Víctor Baladrón Lamas na data 14/01/2026 17:38:56

Nicole Grueira Fernández na data 14/01/2026 17:39:05

Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/01/2026 17:39:11

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/01/2026 17:39:20

Maria Magdalena Perez Millares na data 14/01/2026 17:39:26



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 17:40:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45569
Data envío: 14/01/2026 17:40:40,956

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45571
Data envío: 14/01/2026 17:48:40,715

Asinado o día 14/01/21
Por María Felisa Rodri
Carrera

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Desde o inicio desta lexislatura, a Xunta de Galicia está desenvolvendo a maior transformación do sistema educativo das últimas décadas, co obxectivo de asegurar a estrutura territorial e laboral do ensino e adaptar as aulas ás necesidades e retos dos próximos anos.

Este compromiso pasa por seguir intensificando as medidas de reforzo da figura do profesorado como principal responsable en asegurar unha educación de calidade, equitativa e que garanta a inclusión de todas as persoas. Por iso, desde o Grupo Popular apoiamos as diferentes medidas postas en marcha polo Goberno galego nestes últimos cursos, baseadas no diálogo fronte á confrontación e á liorta.

Por exemplo, froito da altura de miras que permitiu o Acordo de Mellora cos sindicatos asinantes, hoxe, nun contexto de caída do alumnado, en lugar de falar de peches de unidades ou de redución de persoal, falamos dun mapa educativo reforzado e dun incremento dos recursos docentes.

O Goberno galego continúa convocando prazas para a incorporación de novo profesorado. O ano pasado rematou un proceso de oposición a través do cal se incorporaron ao sistema uns 1.113 novos docentes. E xa sabemos que este ano as prazas convocadas superarán as 1.600. Como balance, desde o ano 2009, convocáronse preto de 22.000 prazas o que permite, entre outras, que teñamos unhas taxas de interinidade moi por debaixo da media estatal.

O Goberno galego está a poñer en marcha medidas para que o profesorado se sinta valorado e respectado, que van desde a mellora da carreira docente, a facilitación da conciliación, ou incrementos salariais para aqueles docentes que máis se formen ou asuma responsabilidades no centros, entre outras medidas.

Asinado o día 14/01/2026 ás
17:46
Por Rubén Lorenzo Gómez

Asinado o día 14/01/2026 ás
17:46
Por Cecilia Vázquez Suárez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por exemplo, desde este curso comezouse a desenvolver o plan de redución da burocracia, pactado cos sindicatos asinantes do Acordo de Mellora, que, unha vez completado, suporá máis de 120.000 horas liberadas e 600 pasos menos nos trámites administrativos para que o profesorado poida dedicar todo este tempo á atención do alumnado e á mellora do ensino.

Ademais, a Xunta de Galicia traballa na posta en funcionamento dunha Oficina de Apoio ao Docente que, tal e como foi anunciado, xa comezará a funcionar este curso para atallar unha cuestión que, cada vez, preocupa máis ao persoal nos centros educativos.

Todo isto –propostas reais que melloran a profesión docente— choca tanto cos que só buscan a confrontación e o conflito como co Goberno central, que en oito anos non puxo nin unha soa medida en marcha para reforzar a profesión docente.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance realiza a Xunta de Galicia das diferentes medidas postas en marcha para a mellora da profesión docente e para o reforzo da autoridade do profesorado na aula?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/01/2026 17:46:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2026 17:46:37

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/01/2026 17:46:43

Víctor Baladrón Lamas na data 14/01/2026 17:46:51

José Luis Ferro Iglesias na data 14/01/2026 17:47:01

Julio García Comesaña na data 14/01/2026 17:47:09

Patricia García González na data 14/01/2026 17:47:15

Carmen Pomar Tojo na data 14/01/2026 17:47:25

Raúl Santamaría González na data 14/01/2026 17:47:31



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2026 17:48:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45571
Data envío: 14/01/2026 17:48:40.715

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:47:14
Nº Rexistro: 45579
Data envío: 15/01/2026 09:47:14.585

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:45
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Xunta está a construír a primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles en Sogama. Cunha superficie total de aproximadamente 8.000 m², a nova planta promovida pola Xunta contará cunha capacidade inicial de tratamento para 3.000 toneladas/ano de residuos téxtiles, cantidade ampliable en todo caso ata as 24.000 toneladas/ano.

Coa posta en marcha deste proxecto, de carácter tractor e integrador, o Goberno galego quere axudar a dar debido cumprimento ás esixencias contempladas na Lei estatal de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que obriga aos concellos a implantar a recollida diferenciada dos residuos téxtiles desde o 1 de xaneiro de 2025, e ás empresas do sector a incorporar aos seus produtos unha porcentaxe de fibra reciclada.

Así mesmo, tamén se busca atender as necesidades da sociedade toda vez que, a día de hoxe, o 90 % dos residuos téxtiles —cun crecemento exponencial pola chamada moda rápida— acaban depositados en vertedoiro.

O impacto do actual sistema de produción e consumo de téxtiles continúa xerando altas presións sobre o medio ambiente e o clima polos materiais utilizados na súa fabricación, as emisións de gases de efecto invernadoiro, produtos químicos e microplásticos... Por iso, a UE busca reducir estes impactos e lograr que os téxtiles sexan máis circulares e sostibles desde o seu propio deseño.

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:45
Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:45
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como avanza as obras da planta pública de España de clasificación de residuos téxtiles en Sogama que será unha infraestrutura pioneira en España?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 15/01/2026 9:45:26
Cristina Campero Dorado na data 15/01/2026 9:45:39
Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 9:45:49
José Luis Ferro Iglesias na data 15/01/2026 9:46:01
Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2026 9:46:12
Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2026 9:46:26
Carmen Pomar Tojo na data 15/01/2026 9:46:39
Roberto Rodríguez Martínez na data 15/01/2026 9:46:49
Katherinie Varela Fernández na data 15/01/2026 9:46:58



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 9:47:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:47:14
Nº Rexistro: 45579
Data envío: 15/01/2026 09:47:14.585

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:53:00
Nº Rexistro: 45581
Data envío: 15/01/2026 09:53:00,295

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:51
Por Moisés Rodríguez:

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Cada ano son máis os concellos que optan ao distintivo bandeira verde que concede a Xunta de Galicia desde 2020 para fomentar entre as administracións locais as boas prácticas ambientais e a protección e conservación da paisaxe.

A concesión deste recoñecemento dá visibilidade a estes concellos como territorios responsables e comprometidos co impulso de diferentes tipos de accións e boas prácticas para protexer o medio ambiente e a contorna paisaxística; afrontar o cambio climático e mellorar a eficiencia enerxética; xestionar de xeito responsable os residuos municipais, e sensibilizar á cidadanía nesta materia.

Ademais, obter unha Bandeira Verde supón un mérito adicional para a obtención de subvencións en materia de patrimonio natural e, tamén, para recibir axudas autonómicas para construír e mellorar puntos limpos fixos, instalacións móbiles deste tipo ou impulsar proxectos de preparación para a reutilización.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia da iniciativa bandeira verde que concede a Xunta de Galicia aos concellos, posta en marcha en 2020?

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:51
Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:51
Por Gonzalo Trenor López

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 15/01/2026 9:51:10
Cristina Campero Dorado na data 15/01/2026 9:51:21
Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 9:51:31
José Luis Ferro Iglesias na data 15/01/2026 9:51:43
Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2026 9:51:54
Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2026 9:52:08
Carmen Pomar Tojo na data 15/01/2026 9:52:19
Roberto Rodríguez Martínez na data 15/01/2026 9:52:31
Katherinie Varela Fernández na data 15/01/2026 9:52:45



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 9:53:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:53:00
Nº Rexistro: 45581
Data envío: 15/01/2026 09:53:00.295

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:58:29
Nº Rexistro: 45583
Data envío: 15/01/2026 09:58:29.614

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:57
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Na loita contra o cambio climático xoga un papel clave o investimento que a este fin destina Augas de Galicia, un orzamento para reducir os riscos de inundación e para mellorar o mapa, que axudará a identificar as zonas máis vulnerables. É un eido clave dentro do orzamento xeral do organismo hídrico de Galicia.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións e orzamento ten en marcha Augas de Galicia para reducir os riscos de inundación e para mellorar o mapa, que axudará a identificar as zonas máis vulnerables contra o cambio climático?

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:56
Por Cristina Campero Dorado

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:56
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 15/01/2026 9:56:45
Cristina Campero Dorado na data 15/01/2026 9:56:56
Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 9:57:07
José Luis Ferro Iglesias na data 15/01/2026 9:57:18
Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2026 9:57:29
Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2026 9:57:43
Carmen Pomar Tojo na data 15/01/2026 9:57:55
Roberto Rodríguez Martínez na data 15/01/2026 9:58:04
Katherinie Varela Fernández na data 15/01/2026 9:58:14



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 9:58:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:58:29
Nº Rexistro: 45583
Data envío: 15/01/2026 09:58:29.614

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:02:59
Nº Rexistro: 45588
Data envío: 15/01/2026 10:02:59.519

Asinado o día 15/01/2026 ás 10:01
Por Ramón Fernández

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun escenario de transición enerxética que, basicamente, consiste en electrificar, até o máximo posíbel, actividades económicas e mobilidade que actualmente consumen produtos de orixe fósil e, ademais e ao mesmo tempo, conseguir que a xeración eléctrica sexa moi maioritariamente con fontes renovábeis, precisamos incentivar a nosa eficiencia enerxética, producir o mesmo pero con menos consumo enerxético.

Como xa se ten evidenciado, nestes últimos anos estamos asistindo a unha baixada moi pronunciada do consumo eléctrico na Galiza; isto débese ao parón das electrointensivas -caso singular é o de Alcoa, por ser o maior consumidor de electricidade de Galiza-, mais tamén hai un menor consumo doméstico.

Dita diminución no consumo advirte que os obxectivos da transición enerxética non se están cumprindo nestes momentos, xa que, de darse, estaríamos asistindo a unha caída de consumo de carburante que sería substituída por un maior consumo eléctrico e, como dicimos, de momento non se está producindo.

Porén, esta situación dálle un maior prazo e unha mellor posición a Galiza para acometer a transición; agora somos deficitarios en enerxía pero con importantes excedentes en electricidade e cun incremento moi significativo da xeración eléctrica renovábel.

Asinado o día 15/01/2026 ás 10:00
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 15/01/2026 ás 10:00
Por Xosé Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Mais tamén precisamos dun novo Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética, no que se cuantifiquen e fixen os obxectivos a conseguir en diferentes períodos temporais prefixados, xunto cos métodos de control e avaliación do mesmos; as axudas que se aproben o amparo do mesmo deben ser todas en réxime de concorrência competitiva, mais onde as persoas con limitacións para acceder a todos os sistemas e tecnoloxías de aforro enerxético teñan prioridade nunha única convocatoria.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1- Tren a Xunta de Galiza algún plan aplicado, ou en proxecto para mellorara a eficiencia enerxética no sector residencial, industrial e no transporte?

2- Como valora a Xunta a caída do consumo progresiva e continuada que experimenta Galiza nos últimos anos?

3- Cantas liñas de subvención se artellaron co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética nos últimos dous anos?

4- Como están a influír os CAEs nas inversións en eficiencia enerxética?

5- Ten datos a Xunta do consumo de gas natural na Galiza, desagregado por sectores?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 15/01/2026 10:00:09

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/01/2026 10:00:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2026 10:01:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:02:59
Nº Rexistro: 45588
Data envío: 15/01/2026 10:02:59.519

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:03:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:02:59
Nº Rexistro: 45588
Data envío: 15/01/2026 10:02:59.519

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:20:09
Nº Rexistro: 45591
Data envío: 15/01/2026 10:20:09.237

Asinado o día 15/01/2
Por María Encarnació
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, Moisés Rodríguez Pérez, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereá Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A industria da automoción constitúe un dos principais piares do tecido industrial e económico de Galicia, tanto polo seu peso directo no emprego e na produción como polo seu efecto tractor sobre unha ampla rede de empresas auxiliares, loxísticas e tecnolóxicas.

A planta de Stellantis en Vigo, xunto co conxunto do sector galego da automoción, sitúa a Galicia como un territorio altamente competitivo na fabricación de vehículos e compoñentes, especialmente nos segmentos de turismos e vehículos comerciais lixeiros con motor de combustión, nos que se acadaron elevados niveis de produtividade, innovación e especialización industrial ao longo das últimas décadas.

Neste contexto, a Comisión Europea vén de anunciar unha modificación relevante do marco regulatorio comunitario, ao levantar o veto á venda de vehículos con motor de combustión a partir do ano 2035, substituindo a prohibición total inicialmente prevista por un obxectivo de redución das emisións do 90%, fronte ao 100% establecido ata o de agora. Esta decisión supón un primeiro paso que pode favorecer á industria europea da automoción, fortemente afectada polas decisións adoptadas nos últimos anos, se ben aínda requirirá novas decisións e mecanismos de apoio para poder manter o seu nivel de actividade nos vindeiros anos.

Este primeiro cambio de estratexia presentado por parte das institucións europeas prodúcese tras as advertencias reiteradas do sector da automoción e de numerosos territorios industriais sobre as consecuencias nefastas que unha

Asinado o día 15/01/2026 ás
10:18
Por Rubén Lorenzo Gómez

Asinado o día 15/01/2026 ás
10:18
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:20:09
Nº Rexistro: 45591
Data envío: 15/01/2026 10:20:09.237

prohibición total da produción e comercialización de vehículos de combustión
podería ter sobre a industria europea.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Unha transición mal deseñada non só poñería en risco milleiros de postos de traballo cualificados, senón que tamén penalizaría gravemente a aqueles territorios, como Galicia, que son especialmente competitivos na produción de vehículos de combustión eficientes e de baixo impacto ambiental, favorecendo ao mesmo tempo a fabricantes de terceiros países, cunha posición dominante no ámbito do vehículo eléctrico e da cadea de subministración de baterías.

Neste escenario, resulta especialmente cuestionable o posicionamento mantido polo presidente do Goberno do Estado, Pedro Sánchez, quen, baixo un discurso de suposto compromiso coa loita contra o cambio climático, defendeu publicamente a continuidade do veto total aos motores de combustión ata 2035, esquecéndose dos milleiros de empregos que o sector da automoción crea en España.

Esta postura, lonxe de responder a criterios de transición ecolóxica xusta e equilibrada, suporía un grave prexuízo para a industria galega da automoción e para o emprego industrial, ao tempo que parece aliñarse de maneira incomprensible cos intereses do lobby do vehículo en detrimento da competitividade industrial europea.

A decisión finalmente adoptada pola Comisión Europea, que deberá ter continuidade con outras para garantir a supervivencia da industria europea da automoción, demostra que é posible compatibilizar os obxectivos ambientais coa defensa do tecido produtivo, do emprego e da competitividade industrial, apostando pola neutralidade tecnolóxica e por unha transición progresiva que non condene sectores estratéxicos nin territorios altamente especializados como Galicia.

Por todo iso, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración global que realiza a Xunta de Galicia tanto sobre o levantamento do veto á venda de vehículos de combustión a partir de 2035 acordado pola Unión Europea como sobre o posicionamento mantido polo Goberno do Estado nesta materia?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:20:09
Nº Rexistro: 45591
Data envío: 15/01/2026 10:20:09.237

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2026 10:18:23
Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2026 10:18:34
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2026 10:18:44
Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 10:18:54
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2026 10:19:05
Ángel Rodríguez Conde na data 15/01/2026 10:19:16
Cristina Sanz Arias na data 15/01/2026 10:19:28
Borja Vereza Fraiz na data 15/01/2026 10:19:41
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/01/2026 10:19:55



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:20:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:20:09
Nº Rexistro: 45591
Data envío: 15/01/2026 10:20:09.237

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

O campus de Pontevedra da Universidade de Vigo está en constante renovación, grazas ao cal se ten consolidado xa, non só como un dos grandes polos de xeración de coñecemento en Galicia, senón tamén coma un dos principais motores económicos, de desenvolvemento creativo e de atracción de poboación desta nosa cidade. Os/as máis de 4.000 estudantes que cada ano se forman nel son parte activa do seu tecido social e produtivo.

Asemade Pontevedra, ten que aspirar a seguir ampliando o número de titulacións do seu campus, especialmente naquelas áreas de coñecemento nas que pode ser pioneira ou exclusiva no conxunto de Galicia e incluso de España; facendo aínda máis ampla a oferta de graos e mestrados vinculados á identidade da súa universidade, que pivota na creatividade, o ensino e as ciencias da saúde, formando profesionais e investigadores/as que, especialmente nestas dúas últimas áreas, son determinantes para ter unha sociedade con máis dereitos e máis inclusiva.

No eido da inclusión Pontevedra é tamén unha cidade sensible, cun tecido asociativo sociosanitario dos máis potentes de Galicia e con equipamentos únicos, coma o Centro de Recursos Educativos (CRE) da ONCE, no que entre outras cousas se forma a persoas cegas e con discapacidade visual grave, ou Xoga (Organización de Diversidade Sensorial de Galicia; membro de FESOCE: Federación Española de Sordoceguera), que forman e investigan sobre a diversidade sensorial en Linguaxe de Signos Española e Galega, co fin de lograr a plena inclusión deste colectivo, integrado en Galicia por unhas 60.131 persoas,



segundo datos da Consellería de Política Social, o que convirte á diversidade sensorial na segunda discapacidade con máis presenza en Galicia.

Neste sentido, as asociacións sen ánimo de lucro de Pontevedra, referentes a nivel estatal, que traballan con persoas xordas, xordocegas e con perda de audición, denuncian dende hai tempo o déficit que padecen de Intérpretes/Guíainterpretes profesionais de linguaxe de signos, basicamente desde que en 2014 este deixou de ser un título de Formación Profesional e pasou a ser un grao universitario; momento no que Galicia perdeu a única titulación que tiña de Técnico/a Superior en Interpretación e Guíainterpretación de Linguaxe de Signos, na cidade da Coruña, existindo a día de hoxe unha única universidade en toda España, a Universidad Rey Juan Carlos de Madrid, que oferte o grao de Linguaxe de Signos Española (LSE).

A distancia é un elemento clave para desincentivar a moitos rapaces/zas galegos á hora de elixir formarse coma intérpretes/guía interpretes e, polo tanto, ao non existir novas promocións no noso país, o déficit destes profesionais e cada vez maior, incrementando as dificultades da comunidade con diversidade sensorial e outras discapacidades con déficits de lingua oral para lograr a plena inclusión pola que traballan a diario as entidades sociais.

A maiores diso, o feito de que exista unha soa titulación e que esta estea fóra de Galicia con leva un problema engadido, que todos os/as profesionais se forman unicamente en Linguaxe de Signos Española (LSE), obviando o coñecemento da Linguaxe de Signos Galega (LSG). A aprobación da Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguaxes de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, estableceu coma únicas linguaxes de signos oficiais a española e a catalá, obviando a realidade da Linguaxe de Signos Galega (LSG), desenvolvida ao longo de case un século en torno ao colexio de persoas xordas e cegas de Santiago de Compostela, que fundado en 1864 foi o primeiro centro



educativo deste tipo de Galicia e o terceiro de España, tralo de Madrid e Barcelona. O feito de concentrar nas súas aulas a persoas xordas de toda Galicia foi configurando as bases da comunidade xorda galega e dos trazos identitarios do que hoxe coñecemos coma Linguaxe de Signos Galega (LSG).

Se os/as intérpretes/guia-intérpretes só se forman en Linguaxe de Signos Española, esta será a única que empreguen no seu traballo e, polo tanto, as persoas xordas, xordocegas e con perda de audición, en lugar de manexar e coñecer tanto a LSE coma a LSG, irán desbotando pouco a pouco a galega, perdéndose a riqueza cultural que sempre supón unha lingua propia e afastando cada vez máis o obxectivo de lograr o recoñecemento da Linguaxe de Signos Galega (LSG) coma lingua oficial, exactamente igual que a española e a catalá, algo no que diversas institucións e colectivos levan décadas investigando e traballando; nomeadamente a Deputación Provincial de Pontevedra e XOGA (Organización de Diversidade Sensorial de Galicia), colaboración que deu lugar no ano 2021 á publicación do “Informe Cero, Análise Preliminar Para A Revitalización Da Linguaxe de Signos Galega”, no que se valida a existencia da LSG e a súa revitalización.

Pontevedra e o seu campus son, pois, o espazo ideal para crear en Galicia o primeiro grao en linguaxe de signos, evitando ter que marchar fóra do noso país para poder formarse neste eido, incentivando así á mocidade a optar por esta titulación en maior medida do que o fai hoxe en día, paliando o déficit alarmante de intérpretes/guia-intérpretes en linguaxe de signos que sofren tanto as persoas xordas, xordocegas e con perda de audición coma os colectivos que traballan con elas e xerando un espazo docente e investigador oficial no que estudar, difundir e potenciar a Linguaxe de Signos Galega (LSG), xunto coa española.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:



1. Como valora o Goberno galego a creación e implantación no Campus de Pontevedra o Grao Universitario en Lingua de Signos Española (LSE) e Galega (LSG)?
2. Comparte este goberno que a inexistencia en Galicia do Grado Universitario en Lingua de Signos Española (LSE) e Galega (LSG) está a causar un perxuízo para a supervivencia destas linguas no noso territorio?
3. Ten este goberno constancia do deficit de intérpretes / guía-interpretes de linguaxe de signos existentes no noso territorio?
4. Se este grado só existe na Comunidade Autónoma de Madrid, como pensa este goberno evitar que se perda a riqueza cultural que supón unha linguaxe de signos propia como a galega?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/01/2026 10:28:51

Elena Espinosa Mangana na data 15/01/2026 10:28:59

Silvia Longueira Castro na data 15/01/2026 10:29:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:32:05
Nº Rexistro: 45596
Data envío: 15/01/2026 10:32:05.600

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:32:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:32:05
Nº Rexistro: 45596
Data envío: 15/01/2026 10:32:05.600

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 15/01/2026 ás 10:42
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta se dirixir ao goberno do Estado para que Galiza sexa membro asociado da UNESCO en igualdade de condicións que Euskadi e Catalunya.

Asinado o día 15/01/2026 ás 10:42
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o goberno do Estado anunciou a súa proposta de solicitar que Catalunya e Euskadi entrasen a facer parte como membros asociados da UNESCO.

De inmediato causou sorpresa a exclusión de Galiza desta proposta. Mais aínda sorprendeu moito máis a resposta do goberno da Xunta, en declaracións do Conselleiro da Presidencia, confirmando que para o PP non é importante que Galiza como nación cultural estea representada nun organismo internacional como este.

Este desinterese da Xunta provocou reaccións por parte de diferentes institucións e entidades culturais do noso país.

En primeiro lugar, o Consello da Cultura Galega, órgano estatutario encargado de velar pola cultura galega e principal asesor do goberno da Xunta en materia de cultura, para quen Galiza conta cunha “cultura galega, cunha identidade propia, cunha lingua oficial e cun patrimonio secular, que merece unha representación equitativa á doutras comunidades históricas nas esferas internacionais”.

Deseguido a Real Academia Galega tamén se manifestou a favor de lle dar unha

Asinado o día 15/01/2026 ás 10:42
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maior relevancia á nosa lingua e cultura en todos os organismos internacionais para contribuír á súa visibilidade e recoñecemento.

Por último, a día de hoxe, un total de dezasete fundacións e entidades literarias galegas instan o goberno do Estado a rectificar o que consideran unha discriminación inaceptábel e incluír tamén Galiza como membro asociado da UNESCO ao se tratar dunha comunidade cultural e lingüística singular e diferenciada ao igual que Euskadi e Catalunya.

Máis unha vez as institucións culturais galegas defenden o respecto e recoñecemento pola singularidade lingüística e cultural galega tamén nos organismos internacionais, fronte a un goberno do PP que segue a traballar politicamente para impedilo dentro e fóra de Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Por que o goberno da Xunta acepta que o goberno do Estado discrimine Galiza excluíndoa da solicitude para que Catalunya e Euskadi sexan membros asociados da UNESCO?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 15/01/2026 10:42:05

Iria Taibo Corsanego na data 15/01/2026 10:42:10

Daniel Castro García na data 15/01/2026 10:42:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:48:02
Nº Rexistro: 45605
Data envío: 15/01/2026 10:48:02.685

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:48:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:48:02
Nº Rexistro: 45605
Data envío: 15/01/2026 10:48:02.685

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Nos últimos días coñeceuse que a Consellería do Mar vai poñer en marcha unha nova convocatoria de axudas destinada á retirada de algas de arribazón e lixo mariño nas zonas da costa galega onde este fenómeno se produce de maneira recorrente, unha medida que se enmarca no Plan MarLimpo horizonte 2030 e que dá continuidade ás actuacións iniciadas xa en 2020, cun balance moi positivo tanto en termos ambientais como de implicación do sector.

Trátase dunha iniciativa especialmente relevante nun contexto de cambio climático, no que a proliferación anómala de algas está a ter un impacto directo sobre os ecosistemas mariños, os bancos marisqueiros e as condicións de traballo das persoas que viven do mar, polo que resulta clave unha actuación planificada, preventiva e coordinada coa propia xente do sector.

Neste sentido, cómpre salientar o papel activo da Xunta de Galicia e, en particular, da Consellería do Mar, á hora de anticiparse aos efectos deste fenómeno natural, apoiar ás confrarías, cooperativas e entidades do sector, e reforzar a protección do medio mariño e da actividade marisqueira.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Pode detallar a Consellería do Mar esta nova convocatoria de axudas para reforzar a estratexia de xestión sostible do litoral galego e de apoio ao sector pesqueiro e marisqueiro, así como os principais obxectivos que se pretenden acadar con ela a curto e medio prazo?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:50:38
Nº Rexistro: 45609
Data envío: 15/01/2026 10:50:38,580

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 15/01/2026 10:48:51
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2026 10:49:00
Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 10:49:13
Jesús María Fernández Rosende na data 15/01/2026 10:49:27
Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2026 10:49:39
Paula Mouzo Mas na data 15/01/2026 10:49:50
Maria Magdalena Perez Millares na data 15/01/2026 10:50:00
Raúl Santamaría González na data 15/01/2026 10:50:11
Manuel Santos Costa na data 15/01/2026 10:50:24



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:50:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:50:38
Nº Rexistro: 45609
Data envío: 15/01/2026 10:50:38,580

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

A frota galega, especialmente a de cerco e arrastre de litoral, é unha das máis afectadas pola decisión do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) de recomendar unha redución do 70 % nas capturas de xarda (*Scomber scombrus*) para 2026.

Esta proposta baséase na caída dos niveis biolóxicos da especie, pero non distingue entre quen cumpre e quen sobrepesca, o que resulta inxusto para as frotas galegas e españolas, que aplican un sistema de xestión sostible e rigoroso.

Ao mesmo tempo, países alleos á Unión Europea como Noruega, Islandia e as Illas Feroe levan anos autoasignándose cotas de xarda sen coordinación nin límites, apropiándose de ata un 39 % máis da media anual de pesca desde 2021, segundo o propio ICES.

Esta situación vulnera o principio de pesca responsable e xestión conxunta e está a causar un grave prexuízo económico e competitivo ás frotas comunitarias, en especial ás galegas.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas, anunciou que España pedirá á Comisión Europea que aplique o Regulamento que permite pechar o mercado europeo aos produtos procedentes de países que non respecten os acordos de pesca sostible.

Esta é unha medida necesaria, pero Galicia demanda pasar das palabras aos feitos: a Comisión debe actuar xa e sancionar os incumprimentos de Noruega e outros estados.

A Xunta de Galicia advertiu do impacto brutal que esta redución pode ter sobre o emprego e a economía costeira, con perdas millonarias para os portos galegos e para a industria transformadora, e insiste na necesidade dunha defensa firme e coordinada dos intereses pesqueiros galegos en Bruxelas.





Galicia cumpre, Noruega non. Mentres outros se autoasignan cotas sen control, a nosa flota paga as consecuencias. O PP de Galicia reclama firmeza a Madrid e Bruxelas para defender o emprego e o futuro do mar galego.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que medidas adicionais está a reclamar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que defenda en Bruxelas os intereses da flota galega afectada pola redución de cotas de xarda e polo incumprimento de Noruega e outros países?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 15/01/2026 10:46:10
Paula Mouzo Mas na data 15/01/2026 10:46:18
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2026 10:46:26
Jesús María Fernández Rosende na data 15/01/2026 10:46:36
Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2026 10:46:42
Maria Magdalena Perez Millares na data 15/01/2026 10:46:50
Raúl Santamaría González na data 15/01/2026 10:47:00
Manuel Santos Costa na data 15/01/2026 10:47:08
Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 10:47:19



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:53:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:53:10
Nº Rexistro: 45611
Data envío: 15/01/2026 10:53:10.001

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

Galicia é líder europeo na industria transformadora e conserveira de produtos domar, con centros produtivos que xeran miles de empregos directos e indirectos, especialmente nas comarcas costeiras. Vigo e a súa área industrial concentran unha parte esencial da actividade do sector, con empresas que exportan a máis de cen países e que representan un pilar da economía azul galega.

O recente acordo alcanzado entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos para manter as preferencias arancelarias nos produtos pesqueiros importados, incluídos os procedentes do Sáhara Occidental, constitúe unha noticia moi positiva para o conxunto do sector.

Segundo datos da patronal Anfaco-Cecopesca, este pacto evitará un impacto estimado de máis de 30 millóns de euros anuais en taxas arancelarias e garante a continuidade dos fluxos comerciais por valor de máis de 600 millóns de euros anuais.

Trátase dun acordo que achega seguridade xurídica, estabilidade e confianza ás empresas galegas, asegurando que a UE manteña un marco de comercio xusto e previsible co seu principal socio pesqueiro no Atlántico sur. Ademais, o novo protocolo de asociación respecta plenamente as condicións establecidas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), identificando a orixe dos produtos e sometendoos ao control aduaneiro marroquí.

Neste contexto, é necesario que Galicia exprese o seu apoio a todas aquelas medidas europeas que garantan un marco estable de relacións comerciais e permitan consolidar a competitividade da nosa industria conserveira e transformadora, exemplo de calidade, innovación e sostibilidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Como valora a Xunta o novo acordo entre a UE e o Reino de Marrocos, que mantén as preferencias arancelarias aos produtos pesqueiros, en relación coa repercusión na competitividade e estabilidade da industria conserveira galega?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:53:46
Nº Rexistro: 45614
Data envío: 15/01/2026 10:53:46.506

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 15/01/2026 10:49:27

Paula Mouzo Mas na data 15/01/2026 10:49:32

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2026 10:49:39

Jesús María Fernández Rosende na data 15/01/2026 10:50:02

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2026 10:50:12

Maria Magdalena Perez Millares na data 15/01/2026 10:50:17

Raúl Santamaría González na data 15/01/2026 10:50:27

Manuel Santos Costa na data 15/01/2026 10:50:35

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 10:50:58



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 10:53:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 10:53:46
Nº Rexistro: 45614
Data envío: 15/01/2026 10:53:46.506

CSV: BOPGDSPG-4hK4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á falta de persoal médico nos centros de saúde e no hospital da comarca do Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos que a situación da sanidade pública na comarca do Barbanza se atopa nunhas condicións precarias que, a medida que foi pasando o tempo, se fan cada vez máis insostíbeis de cara a poder manter una mínimaa calidade asistencial e unha atención aos usuarios e usuarias dos centros de saúde e do hospital comarcal sen demoras.

Os problemas son máis que coñecidos polas autoridades sanitarias do noso país porque todos e cada un deles son consecuencia directa dos recortes levados a cabo polo propio Goberno galego nos servizos sanitarios públicos ao longo dos últimos anos, nomeadamente dende o 2020 da pandemia.

A falta de recursos humanos afecta, un por un, a todos os centros de saúde e aos consultorios periféricos, sen que en todo este tempo a Consellaría planificase e puxese medidas efectivas para cubrir as prazas do persoal que se xubila, que desfruta das súas vacacións, que está de baixa ou simplemente que solicita calquera dos permisos que recolle a lexislación vixente.

O agravamento da falta de persoal trouxo consecuencias non só para os médicos e médicas aos que se lles sobrecarga e incrementan indiscriminadamente os seus cupos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

senón tamén para unha cidadanía que padece cada vez máis espera para poder ser atendida polo seu médico ou médica de familia.

A situación do centro de saúde de Ribeira, dos consultorios de Aguiño, Corrubedo ou Palmeira, a falta de ampliación de horario no PAC de Rianxo ou o recorte tamén de horario no PAC da Pobra, así como a eliminación dos consultorios de Taragoña e Cabo de Cruz foi denunciada pola cidadanía da comarca e por este Grupo Parlamentario en reiteradas ocasións sen que ata o momento as reclamacións foran atendidas.

Nin na Atención Primaria, nin tampouco na hospitalaria se están a atender as importantes deficiencias da sanidade pública no Barbanza. Así, as listas de agarda do hospital nalgúns especialidades xa non son cuestión de semanas nin de meses senón de anos. Unha situación inconcebíbel que repercute dun xeito absolutamente nefasto na saúde dos habitantes da comarca e da que non se albisca o seu fin.

Máis de 5.000 persoas xa fixeron patente o seu rexeitamento ao desleixo da Xunta de Galiza no pasado mes de outubro e agora dispóñense a mobilizarse en Santiago o día 15 de xaneiro, insistindo na busca de solucións ás actuais condicións da sanidade pública nos seus centros de saúde e no hospital comarcal. A este respecto, solicitaron tamén unha entrevista co conselleiro de Sanidade para seren recibidas ese día, que non só non as vai recibir senón que nin sequera tivo a ben responderlles á súa petición, nunha mostra máis que se suma ao desinterese e ao desprezo que o responsábel máximo da Consellería vén mantendo con esta comarca.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai o Goberno galego da situación de grave falta de persoal facultativo nos centros de saúde da comarca do Barbanza?

. Que valoración fai da situación de extrema demora na atención nalgunhas especialidades no hospital comarcal do Barbanza?

. Que tipo de planificación e que previsións ten para solucionar ambas as dúas situacións?

. Canto tempo considera que se poden seguir mantendo as carencias actuais sen tomar ningún tipo de decisión que as revertan?

. Considera que co persoal facultativo actual dos centros de saúde da comarca do Barbanza se está a garantir a calidade asistencial aos máis de 65.000 habitantes que asignados aos mesmos?

. Que consecuencias cre que se están a derivar para a poboación e para os profesionais deses centros nunhas circunstancias que non fan máis que empeorar?

. Cando vai revertir a situación na que mantén aos usuarios e usuarias deses centros de saúde e do hospital comarcal por mor da merma significativa de persoal facultativo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/01/2026 12:18:09

Iria Carreira Pazos na data 15/01/2026 12:18:21

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2026 12:18:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:19:55
Nº Rexistro: 45628
Data envío: 15/01/2026 12:19:55.716

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 12:19:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:19:55
Nº Rexistro: 45628
Data envío: 15/01/2026 12:19:55.716

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:44:25
Nº Rexistro: 45632
Data envío: 15/01/2026 12:44:25.411

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación de colapso dos servizos de urxencias hospitalarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da sanidade pública galega atópase nun colapso constante. As políticas do Partido Popular provocaron que a día de hoxe a poboación teña dificultades para poder recibir a asistencia sanitaria que precisa.

As listas de espera absolutamente masificadas agrávanse chegando a afectar de xeito xeneralizado tamén á Atención Primaria. A lonxitudinalidade, pilar básico deste nivel asistencial, non está garantida para un gran número de pacientes, tanto adultas coma pediátricas. A falta de profesionais e recursos supón que moitas pacientes non poidan ser atendidas no seu centro de saúde, e acaben recorrendo a servizos de atención urxente para poderen recibir esta asistencia.

O colapso dos servizos de urxencias hospitalarias é unha constante que se vén repetindo durante os últimos anos, mais agrávase nestes meses polo incremento de patoloxía infecciosa respiratoria. Unha tendencia epidemiolóxica perfectamente coñecida, mais que permiten ver a falta de capacidade de resposta do sistema sanitario galego. Así, nas últimas semanas sucedéronse as noticias na prensa sobre a situación de colapso nos hospitais públicos galegos, con pacientes amoreadas nos corredores agardando para seren atedidas ou incluso hospitalizadas, con dificultades para garantir esa asistencia sanitaria e chegando a afectar á actividade sanitaria programada.

Asinado o día 15/01/2026 ás
12:42
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 15/01/2026 ás
12:42
Por Iria Carreira Pazos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cantas pacientes foron atendidas en cada centro hospitalario desde o comezo do mes de decembro? Cal é a media de asistencia diarias nestes centros?

- Cantas son as camas de hospitalización dispoñibles en cada centro hospitalario? Cal é a porcentaxe de ocupación? Considera o goberno galego que debería reforzarse este número?

- Cantas profesionais traballan por quenda en cada un dos SUH? Cantas delas contan cun vínculo eventual?

- Cal é o tempo medio de estancia en cada un dos SUH desde o comezo de decembro? Canto tempo están as pacientes que rematan ingresadas? E as que teñen unha alta hospitalaria?

- Cantas pacientes en Galiza non teñen médica ou pediatra de cabeceira asignada? En que concellos se concentran?

- Que centros de saúde teñen prazas vacantes sen cubrir?

- Que medidas vai tomar o goberno galego para garantir a asistencia sanitaria ordinaria e urxente da poboación? Vai cambiar as súas políticas sanitarias e reforzar a sanidade pública?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 15/01/2026 12:42:40

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2026 12:42:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:44:25
Nº Rexistro: 45632
Data envío: 15/01/2026 12:44:25.411

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 12:44:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:44:25
Nº Rexistro: 45632
Data envío: 15/01/2026 12:44:25.411

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás consecuencias sobre a frota artesanal galega da entrada en vigor, o pasado 10 de xaneiro, das normas do Regulamento de Control da Pesca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento de Control da Pesca da UE, identificado como Regulamento (UE) 2023/2842, foi aprobado definitivamente o 22 de novembro de 2023, entrou oficialmente en vigor o 9 de xaneiro de 2024 e dende entón foise aplicando progresivamente.

Un Regulamento que foi fortemente cuestionado polo sector pesqueiro galego, especialmente pola frota de pesca artesanal, e que levou a mobilizacións e manifestacións en contra debido ás súas consecuencias negativas e á falta de adaptación ás características das distintas frotas pesqueiras. O seu rexeitamento tamén tivo reflexo no Parlamento galego coa aprobación unánime de distintas iniciativas, entre elas varias a proposta do Grupo Parlamentario do BNG.

Esta normativa é especialmente prexudicial para a frota artesanal, que leva moito tempo pedindo un trato específico dada a súa singularidade, as características da súa actividade, respectuosa co medio, e os beneficios que dela se derivan nas poboacións costeiras onde contribúe á súa dinamización económica, á fixación de poboación e á xeración de emprego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, estas cualidades non se tiveron en conta á hora de aplicar unha normativa que peca de excesiva e desproporcionada, nun contexto no que xa rexe unha estrita ordenación, que acrecenta a burocracia, que implica esixencias materiais, como o diario electrónico, que supoñen un custo económico e que, en definitiva, dificulta a actividade pesqueira habitual e complica o traballo da frota de pesca artesanal.

A norma obriga a que todos os buques de máis de 18 metros, susceptibles de cometer incumprimentos, principalmente da obriga de desembarque, leven cámaras a bordo, sen definir cales son exactamente os “susceptíveis de cometer incumprimentos” e estendendo a todos a incerteza.

Ademais, deixa ao arbitrio dos diferentes Estados poder ampliar a cobertura de cámaras a buques de menos de 18 metros. Xeraliza o diario electrónico incluso, despois de 2030, para os buques de menos de 9 metros, rango no que se atopa a maior parte da frota de baixura e artesanal galega.

Introduce, a partir de 2027, dispositivos de control de potencia dos motores dos buques, malia que a potencia dos motores non incrementa a capacidade de pesca, que xa está suxeita a TACs e cotas na inmensa maioría das pesqueiras.

Xeraliza o diario electrónico dende 2026 para a frota de máis de 12 metros d eslora e tamén para os buques de menos de 9 metros despois do 2030, rango no que se atopa a maior parte da frota de baixura e artesanal galega.

Modifica e uniformiza o réxime de infraccións e sancións, extremo este que xera enorme preocupación na frota ao considerar excesivas as infraccións catalogadas como graves e, sobre todo, pola incidencia directa das sancións á hora de recibir axudas durante 5 anos, mesmo con efectos retroactivos.

O Regulamento foi obxecto de queixa por parte das Federacións de Confrarías, que demandaron que se tivesen en conta as peculiaridades dos distintos territorios e as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distintas artes que se empregan, así como o apoio para poder adaptarse ás novas esixencias. Mais non se tiveron en conta.

Após o pasado 10 de xaneiro, entran en vigor aspectos que afectan de cheo á frota artesanal galega, como a notificación previa de entrada a porto para barcos de 12 ou máis metros de eslora, que o Regulamento deixou nun mínimo de catro horas e que o Ministerio de Pesca está a propoñer reduci-lo a dúas horas e media. Unha medida que non se adapta á realidade da frota de baixura que faena pegada á costa, preto ao porto, con mareas breves e coa arte calada ate fases moi próximas ao amarre. Critican a decisión de marcar horarios ríxidos que nada teñen que ver coa actividade pesqueira artesanal.

Tamén entra en vigor a implantación do diario electrónico, que obriga aos barcos de máis de 12 metros de eslora a anotar todos os peixes que capturan, independentemente do seu peso, unha medida de difícil cumprimento en moitas embarcacións que carecen de sistema de pesada e dos medios precisos para pesar pequenas cantidades. Tal e como relatan os propios mariñeiros, os pesados a bordo son complicados e a esixencia de non poder pasarse nun 20% é difícil de cumprir.

Dende comezo de ano, o sector pesqueiro galego está a amosar o seu rexeitamento e malestar pola aplicación destas obrigas, protagonizando importantes concentracións e manifestacións de protesta en vilas costeiras das rías de Arousa e Pontevedra, entre outras, ademais de proceder ao amarre das frotas como acto de protesta polo novo Regulamento de Control de Pesca.

As distintas confrarías deixan claro que normas como o diario electrónico resultan inasumíbeis para as frotas de baixura. A obriga de ter que facer oito comunicacións por xornada é unha carga burocrática que non poden asumir por lles dificultar o normal desenvolvemento da actividade pesqueira. Igual que ter que declarar as capturas de cada especie, a súa posición exacta e o seu pesado exacto. Como



tampouco resulta realista ter que comunicar cunha antelación mínima de dúas horas e media a chegada a porto, porque a maioría dos barcos de baixura faenan a media hora da costa e dependen das condicións meteorolóxicas. Consideran que se ditan normas feitas para grandes buques e que nada teñen a ver coa actividade que desenvolven as frotas artesanais.

Os despachos de Bruxelas e de Madrid deberían ter en conta as características e especificidades das frotas artesanais. Non se pode encher de burocracia a un sector pesqueiro de baixura, no que a tripulación a bordo é escasa e onde os propios patróns tamén son mariñeiros. Se pescan non poden dedicarse a atender diarios electrónicos, avisos de chegada a terra con dúas horas e media de antelación e pesados exactos.

Dado que o propio Regulamento prevé a posibilidade de adaptalo á realidade, o MAPA debe ser flexible na aplicación destas normas ás frotas artesanais e sobre todo, adoptar criterios realistas e axustados á singularidade do sector de baixura. Debe establecer diálogo coas distintas frotas artesanais, escoitalas e ter en conta as súas demandas.

Por outra banda, a administración galega ten competencias en augas interiores que debe exercer e, polo tanto, nese ámbito pode desenvolver plans de xestión para a frota artesanal que permitan a diversificación da actividade e a xestión dos recursos de xeito responsábel e sostíbel, ademais de poder destinar axudas para poñela en valor.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Cal é a valoración que fai o Goberno galego do Regulamento de Control da Pesca da UE e das medidas que establece respecto da frota artesanal galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai sobre as consecuencias que implicarán para a frota artesanal galega as normas que entraron en vigor o pasado 10 de xaneiro?

. Que actuacións vai desenvolver para evitar que a aplicación do Regulamento provoque a redución da frota galega, nomeadamente da frota artesanal, e do número de empregos no sector?

. Ten previsto a Xunta de Galiza exercer as súas competencias en augas interiores?

. Que medidas vai implementar para defender as súas competencias exclusivas en augas interiores e as súas propias normas de control diante do Goberno do Estado e da Unión Europea?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 15/01/2026 12:51:39

Carmela González Iglesias na data 15/01/2026 12:51:58

Daniel Castro García na data 15/01/2026 12:52:09

Óscar Insua Lema na data 15/01/2026 12:52:21

Paulo Ríos Santomé na data 15/01/2026 12:52:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:55:27
Nº Rexistro: 45639
Data envío: 15/01/2026 12:55:27.419

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 12:55:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:55:27
Nº Rexistro: 45639
Data envío: 15/01/2026 12:55:27.419

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a o abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación educativa do alumno do Rosal Víctor Morais Rodríguez que precisa incorporarse aos seus estudos no CPI Manuel Suárez Marquier.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Víctor Morais Rodríguez é un alumno que ata este curso escolar estudaba no CEIP Manuel Rodríguez Sinde de A Guarda. Padece unha enfermidade chamada Leucodistrofia Pelizaeus Merzbacher que foi diagnosticada con tan só dous anos. Durante toda a súa escolarización precisou apoio personalizado por parte de especialistas, pero o avance escolar era evidente e mantiña o ritmo do resto de compañeiras/os da súa aula. Nos últimos cursos tivo períodos de inasistencia ao centro debido a que o seu problema de desviación da columna foi en aumento ata chegar a ter que permanecer a maior parte do tempo deitado en posición horizontal. Nese intre, Víctor comezou a baixar o seu rendemento debido a esa falta de clases presenciais no centro onde permanecía matriculado, ademais que no último curso foi operado e a súa recuperación continúa na actualidade.

No presente curso escolar Víctor atópase matriculado no CPI Manuel Suárez Marquier por estar ao carón da súa vivenda e a súa nai e pai solicitaron á Inspección Educativa e á Dirección Territorial de Educación en Pontevedra que, en tanto non poda incorporarse ás clases no CPI, sexa atendido presencialmente na súa casa por unha persoa docente. Hai poucas semanas autorizóuselle esta atención domiciliaria que estase a producir na actualidade.



Este tipo de atención é moi importante para o alumnado doente que non pode saír do seu enderezo e non sociabiliza o necesario para a súa idade. Víctor que é unha persoa moi dinámica e decidida a aprender e ir á escola canto antes, considera que pode recibir un maior número de horas á semana, e así o avalan os informes médicos acadados pola familia.

A nai de Víctor presentou unha reclamación neste sentido ante a Valedora do Pobo que deu recomendacións claras á Consellería de que era factible poder incrementar o horario semanal de atención personalizada no domicilio do alumno, dicindo textualmente:

“...nin o Decreto 229/2011, do 7/12 nin o vixente Protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo limitan o tempo de atención educativa no domicilio. Mais ben, salientase a que o centro desta modalidade é un programa individualizado de atención educativa domiciliaria, no que se farán constar os aspectos curriculares, metodolóxicos, organizativos, de coordinación, seguimento, temporización e revisión periódica que garantan a adecuación ás circunstancias do alumnado... O programa individualizado centrarase no mantemento e desenvolvemento das competencias clave e das materias instrumentais que garantan o axeitado retorno á actividade educativa cotiá, garantindo que isto non interfira no proceso de recuperación física do alumnado, e contará, no seu caso, co apoio do profesorado especialista que atende ao alumno no centro docente.”

“En ningún caso se limita normativamente a atención docente presencial a 5 h semanais”.

O número de horas debe quedar pois establecido mediante outros criterios como son a situación médica do alumno doente, así como unha avaliación previa do desenvolvemento das competencias clave e das materias instrumentais por parte do alumno.

Por outra banda, os pais están recibindo presións por parte da Dirección Territorial para que modifique a súa matrícula trasladándose ao Colexio de Educación Especial



privado San Xerome no concello da Guarda. A nai xa ten explicado en varias ocasións, a última nunha visita ao centro privado da Guarda, os motivos polos que non está de acordo con esta posibilidade:

- Porque Víctor sempre estivo escolarizado ata agora, con 14 anos, nun centro ordinario e a relación co resto do alumnado e profesorado foi normal.

- O avance educativo e persoal no CEP ordinario foi positivo e valorado de xeito importante polo centro, ata o punto de ser proposto polo mesmo para os Premios ao esforzo e superación persoal da Consellería de Educación, que foi concedido no seu momento o recollerá no día de hoxe. Polo tanto a inclusión educativa era máxima e recoñecible.

- O centro educativo onde está matriculado na actualidade no Rosal está na zona de influencia do seu enderezo e o Concello tivo a ben facer un investimento para que estivese adaptado e coa accesibilidade que vai precisar Víctor durante toda a súa escolarización.

- A familia ten unha mala experiencia no CEE da Guarda con outro membro que padece a mesma doenza, cuestión que xa foi transmitida á Inspección Educativa e Dirección Territorial, amais que a experiencia desta última visita coas autoridades escolares tampouco foi positiva.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Cal é a razón pola que a Consellería de Educación denega reiteradamente a ampliación horaria da atención domiciliar de Víctor Moráis superando as 5 horas que ten autorizadas actualmente, segundo solicitou a súa familia?

2.- Por que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, escúdase na Resolución do 30 de novembro de 2020 pola que se ditan instrucións para a atención



educativa do alumnado vulnerable no curso 2020/21 pola Covid, se é evidente que tiña carácter delimitado pola Pandemia deses anos?

3.- Vai a Consellería de Educación, tendo en conta a situación descrita da familia de Víctor Morais Rodríguez e os informes médicos aportados, ampliar o horario autorizado na actualidade para atención educativa domiciliaria?

4.- Atenderá así a Consellería as recomendacións feitas pola Valedora do Pobo ante a solicitude da familia?

5.- Vai a Consellería de Educación deixar de presionar á familia para que acepten trasladar ao seu fillo ao Centro de Educación Especial privado San Xerome recoñecendo así a liberdade dos pais de poder elixir unha inclusión real para Víctor nun centro ordinario, neste caso o que lle corresponde por zona, o CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal?

6.- Por que a Consellería non asume que, ao igual que acontece na etapa de Primaria, o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo na ESO e toda a secundaria deben estar incluídos en aulas ordinarias cos apoios e reforzos personalizados que precisen?

7.- Non ten este alumnado NEAE os mesmos dereitos que o resto de compañeiros/as da súa aula, nivel e etapa?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 15/01/2026 12:55:17

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/01/2026 12:55:32

Luis Bará Torres na data 15/01/2026 12:55:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:55:59
Nº Rexistro: 45642
Data envío: 15/01/2026 12:55:59.569

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 12:56:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 12:55:59
Nº Rexistro: 45642
Data envío: 15/01/2026 12:55:59.569

CSV: BOPGDSPG-4hK4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:11:45
Nº Rexistro: 45644
Data envío: 15/01/2026 13:11:45.143

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:10
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que se encarga de desenvolver as liñas de investigación destinadas a especializar e perfeccionar técnicas de elaboración que permitan mellorar a calidade dos produtos artesanais, ademais de optimizar o proceso produtivo, xa que a innovación, o deseño e a calidade, son as bases coas que conta a artesanía para sobrevivir.

A súa principal finalidade é dotar ao sector artesanal dunha infraestrutura especializada para que poida desenvolver programas de asistencia, formación, innovación, catalogación, promoción, comercialización e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais en Galicia.

A marca Artesanía de Galicia foi iniciativa da Asociación Galega de Artesáns nos anos 90 e o modelo foi adoptado pola Xunta de Galicia dez anos despois, converténdose nunha marca oficial cun regulamento propio.

O seu obxectivo principal é servir de marca paraugas, ofrecendo unha imaxe común, armónica, coordinada e representativa dos produtos artesanais galegos, é dicir, un selo de prestixio que constitúa un sinal de identidade propia e garantía de calidade para os consumidores.

Ademais, é importante destacar o apoio destinado ao tradicional e contemporáneo, insistindo tamén na comercialización e apostando pola formación profesional continua para un sector sostible no tempo, cunha divulgación dos

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:10
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:09
Por María Felisa Rodríguez Carrera

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:11:45
Nº Rexistro: 45644
Data envío: 15/01/2026 13:11:45.143

procesos e un valor da artesanía para todos os públicos, desde os máis novos ata a idade adulta.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Neste sentido, cabe destacar que a Xunta de Galicia facilita a adquisición e distribución do material de packaging da marca e un indicador personalizado aos talleres inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e puntos de venda autorizados.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai do traballo que está a desenvolver a Fundación Pública Artesanía de Galicia?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2026 13:09:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2026 13:10:07

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 13:10:18

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2026 13:10:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2026 13:10:38

Ángel Rodríguez Conde na data 15/01/2026 13:10:49

Cristina Sanz Arias na data 15/01/2026 13:11:10

Borja Vereza Fraiz na data 15/01/2026 13:11:20

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/01/2026 13:11:32



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:11:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:11:45
Nº Rexistro: 45644
Data envío: 15/01/2026 13:11:45.143

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:17:11
Nº Rexistro: 45646
Data envío: 15/01/2026 13:17:11.641

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:15
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O programa Novas artesanías para novas ecoloxías desenvolveuse en diferentes xornadas como unha oportunidade para coñecer, compartir e reflexionar sobre novas miradas, tanto establecidas como emerxentes, que xurdiron arredor da artesanía en territorio nacional e internacional.

Nestas xornadas reflexionouse sobre novas oportunidades de deseño a partir da exploración de propostas materiais máis sensibles coa complexidade ecolóxica que nos rodea, facendo fincapé no aproveitamento dos materiais da contorna desde a artesanía, a innovación e o pensamento ecolóxico.

Esta iniciativa supón o inicio dunha nova liña de traballo na folla de ruta da Artesanía de Galicia e da Xunta de Galicia no apoio aos oficios artesanais e a aquelas experiencias máis creativas, artísticas e transversais, que funcionen coas súas raíces postas nos oficios pero cunha mirada posta no presente e futuro dos novos materiais, os recursos locais as sinerxías entre disciplinas, ademais dunha forte aposta polo rural como fonte de recursos e creatividade.

Constitúe un formato inédito pola súa dinámica a nivel estatal, onde se lle da importancia á propia convivencia entre creadores, tanto poñentes como asistentes, ofrecendo un espazo e unha oportunidade de encontro, convivencia e confluencia que contribúe ao enriquecemento dos profesionais, podendo dar lugar a colaboracións futuras entre participantes.

O seu obxectivo consiste en buscar os futuros da artesanía desde un lugar intermedio entre a innovación, a tradición e o deseño contemporáneo.

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:15
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:15
Por María Felisa Rodríguez Carrera

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:17:11
Nº Rexistro: 45646
Data envío: 15/01/2026 13:17:11.641

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o compromiso da Xunta de Galicia con esta iniciativa do sector artesanal a nivel nacional e internacional?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2026 13:15:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2026 13:15:43

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 13:15:54

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2026 13:16:04

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2026 13:16:14

Ángel Rodríguez Conde na data 15/01/2026 13:16:24

Cristina Sanz Arias na data 15/01/2026 13:16:35

Borja Vereza Fraiz na data 15/01/2026 13:16:46

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/01/2026 13:16:56



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:17:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:17:11
Nº Rexistro: 45646
Data envío: 15/01/2026 13:17:11.641

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:22:30
Nº Rexistro: 45649
Data envío: 15/01/2026 13:22:30.867

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:21
Por Moisés Rodríguez Díaz

Á Mesa do Parlamento

Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O proxecto Vilas Vivas é un programa da Xunta de Galicia que ten por obxectivo impulsar a actividade comercial, recuperando locais en desuso e promovendo a actividade en rotación nos mesmos.

O pasado mes de maio, asinouse un convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Concello de Ribadavia para desenvolver esta experiencia piloto do plan de dinamización comercial. Dito convenio establece unha colaboración bianual, vixente ata decembro de 2026, á que o Executivo galego destinará preto de 590.000 euros.

As actuacións de dinamización comercial comezarán no último trimestre do ano, destacando o tremendo potencial desta vila para impulsar o comercio local na súa zona histórica, na que se dará unha nova vida a máis dunha ducia de baixos en desuso para estimular a afluencia de visitantes.

Ademais da habilitación dos espazos, favoreceranse sinerxías entre o comercio da vila que xa está en funcionamento e o comercio efímero, con ferramentas como Artesanía de Galicia, de modo que este proxecto se converta nunha plataforma para dialogar coa riqueza vitivinícola, patrimonial, cultural, gastronómica ou termal da vila e a súa contorna, construíndo unha experiencia integral para atraer visitas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:21
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:20
Por María Felisa Rodríguez Carrera

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:22:30
Nº Rexistro: 45649
Data envío: 15/01/2026 13:22:30.867

Que acollida ten o programa Vilas Vivas entre o tecido comercial e de que maneira mellora os cascos históricos dos nosos pobos e vilas?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2026 13:20:52

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2026 13:21:01

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 13:21:15

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2026 13:21:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2026 13:21:35

Ángel Rodríguez Conde na data 15/01/2026 13:21:45

Cristina Sanz Arias na data 15/01/2026 13:21:56

Borja Vereza Fraiz na data 15/01/2026 13:22:06

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/01/2026 13:22:16



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:22:30
Nº Rexistro: 45649
Data envío: 15/01/2026 13:22:30.867

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:22:32

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao plan galego para unha Transición Enerxética Xusta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transición enerxética é unha realidade ineludible que Galiza debe asumir como oportunidade de transformación económica e social. Non obstante, a experiencia histórica demostra que sen regulación pública explícita, as condicións do mercado crean máis pobreza enerxética, máis desigualdades territoriais e máis desigualdades sociais.

Galiza ten dende hai máis de cincuenta anos un papel imposto de "provedora de enerxía" para o conxunto do Estado español. Este papel foi consecuencia de decisións políticas centralizadas que non tiveron en conta os intereses, demandas ou beneficios da sociedade galega. Polo contrario, soportamos innumerables **perdas territoriais**; froito da

Inundación de vales, despoboamento de zonas pola afección de infraestruturas e impactos ambientais irreversibles.

A isto hai que sumar unha **perda de recursos** endémicos, como foi no seu tempo a explotación desaforada do carbón autóctono e na actualidade acentuado pola deslocalización dos beneficios que achega a explotación eléctrica dos recursos galegos.

Non se podes deixar de lado as **perdas sociais** que este papel de terra de sacrificio leva consigo, acentuado por unha tarifa eléctrica discriminatoria, que non ten en conta o papel protagonista que Galiza xoga neste campo, permitindo a enorme inxustiza que





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

representa a pobreza enerxética, diante dun reparto de dividendos por parte das empresas explotadoras, que a miúdo raian no obsceno.

Xunguido a todo isto van as **perdas económicas** cunha cadea de valor inexistente, e un tecido empresarial con sede fora do noso país.

Aínda así, o desenvolvemento da Transición Enerxética, tal e como está planificada actualmente, supón un incremento nas desigualdades sociais. Pretender electrificar os consumos enerxéticos obriga a moitos cambios nos ámbitos industriais, mais tamén nos domésticos e na mobilidade; e as economías das clases traballadoras non teñen capacidade para adaptarse a estes cambios.

Aínda máis, até de agora, a política de subvencións públicas para a instalación de renovábeis no ámbito doméstico, a compra de vehículos eléctricos, os puntos de recarga eléctrica de uso particular, etc., ao non facerse baixo ningún criterio de renda (algo que xa está en cuestión en varios países da UE), son en realidade unha transferencia económica, vía impostos, das clases máis precarizadas ás economías máis solventes.

Pero non é só un problema de subvencións regresivas, xa que a socialización dos cambios en materia enerxética, polo seus custes económicos e tamén pola súa complexidade técnica, non vai chegar igual e no mesmo tempo a toda a sociedade, haberá exclusión por motivos económicos.

No caso concreto de Galiza que, entre outras cousas, caracterízase pola súa dispersión poboacional, cun falla de transporte colectivo que sexa realmente efectivo, cun parque móbil onde domina o diésel, é impensábel que se poida electrificar todo este transporte nun tempo razoábel, e moito menos nos prazos fixados nos documentos dunha pretendida planificación, tanto por cuestións económicas ligadas ao alto custe de vehículos e cargadores, mais tamén por cuestións técnicas, ao requirir dunha ampla potenciación das liñas de distribución.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Só no rural e na contorna das grandes vilas vai pasar algo semellante, aínda que, como diferenza, na última poderán ter un transporte colectivo máis efectivo; a obriga de definir ZBE (Zonas de Baixas Emisións) nas grandes vilas, impedirá a entrada de vehículos máis contaminantes e, deste xeito, vaise dar un paradoxo: as clases traballadoras que, polo alto prezo da vivenda, acabaron comprando nas vilas próximas ás grandes cidades, agora poden ter limitado o acceso a esas cidades nos seus coches particulares.

Pero as exclusións non se van limitar ao transporte, tamén no ámbito residencial con requirimentos de substitución de caldeiras de gas, na implantación de medidas de eficiencia enerxética baixo a penalización de pagar máis vía impostos, na obrigatoriedade dunha determinada cualificación enerxética certificada para a compra ou o aluguer, etc.

Á vista desta situación, faise preciso impulsar medidas no ámbito político para evitar estas desigualdades, e de non ser así, un efecto negativo na percepción social da transición enerxética.

Compre, pois, de xeito urxente, ben planificado e dirixido, definir, elaborar e implantar un PLAN SOCIAL de información, sensibilización, capacitación, e recualificación, que posibila a participación activa, consciente e crítica, individual e colectiva, na Transición Enerxética, executado no ámbito regrado dende niveis baixos do ensino até os universitarios, e, no plano non formal, mediante unha rede xeneralizada en todos os concellos de instrumentos públicos que acheguen formación e información á cidadanía.

Tamén se deben contemplar instrumentos e mecanismos de equidade social, como por exemplo o dividendo social do CO₂, para neutralizar os efectos negativos e non progresivos, que a transición enerxética está a introducir, e que afectan sobre de todo ás persoas de menor renda e máis precarizadas, empobrecendo ás clases traballadoras e aumentando as xa amplas diferenzas sociais.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- 1- Conta a Xunta cunha estratexia de país para abordar a transición enerxética?
- 2- Que programas de formación en materia de transición enerxética están vixentes, ou van poñer en marcha dende a Xunta?
- 3- Considera a Xunta necesaria a formación da cidadanía en materia de transición enerxética?
- 4- Como ten pensado a Xunta garantir o acceso ás ZBE daquelas persoas que non dispoñan de vehículos cero emisións?
- 5- Como vai abordar a Xunta a electrificación da mobilidade no rural?
- 6- Ten a Xunta unha estratexia contra a pobreza enerxética?
- 7- Coñece a Xunta o Dividendo Social do CO2 que se está a aplicar noutros estados?
- 8- Considera que este mecanismo, o Dividendo Social do CO2, pode ser de aplicación na Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 15/01/2026 13:23:53

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/01/2026 13:24:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/01/2026 13:24:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:25:40
Nº Rexistro: 45654
Data envío: 15/01/2026 13:25:40.817

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:25:40
Nº Rexistro: 45654
Data envío: 15/01/2026 13:25:40.817

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:25:41

CSV: BOPGDSPG-4hK4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

O Grupo de Emerxencias Supramunicipais (GES) de Sanxenxo, dependente do concello de Sanxenxo, presta servizo aos concellos de Sanxenxo, O Grove, Meaño e Poio, desempeñando un papel esencial na atención de emerxencias e na seguridade da cidadanía dunha ampla área xeográfica, cunha importante poboación residente e flotante ao longo de todo o ano.

No ano 2024 asinouse o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, con vixencia desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2027. Este convenio ten como obxectivo regular o funcionamento dos GES como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, co fin de completar o mapa de emerxencias de Galicia.

No caso do GES de Sanxenxo, o custo anual do servizo ascende a 320.000 euros, financiados pola Deputación de Pontevedra (128.000 €), o Concello de Sanxenxo (24.000 €) e a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (152.250 €) e da Dirección Xeral de Administración Local (15.750 €).

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:25
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:25
Por Patricia Iglesias Rey



Porén, dende hai tempo veñen detectándose irregularidades no funcionamento do GES de Sanxenxo e nas condicións nas que os seus efectivos prestan o servizo, situacións que foron denunciadas reiteradamente polos propios traballadores sen que o goberno municipal adoptase medidas correctoras.

Recentemente, os efectivos do GES recibiron o calendario de quendas de traballo correspondente ao ano 2026, no que se establece que, agás durante a tempada estival e determinadas datas sinaladas, o parque permanecerá operativo unicamente durante 16 horas ao día, permanecendo pechado durante a noite a maior parte do ano.

Esta decisión supón un incumprimento claro da CLÁUSULA OITAVA do convenio, que establece, dentro dos compromisos das partes, que os concellos sede deberán atender de forma permanente as chamadas de emerxencia, advertindo expresamente de que a non resposta continuada ás chamadas de emerxencia dará lugar á non percepción da axuda, salvo causa xustificada e logo de audiencia ao concello implicado.

Así mesmo, o convenio crea unha Comisión Mixta de seguimento e coordinación, entre cuxas funcións se atopa velar polo cumprimento do convenio, propoñer medidas para garantir o exercicio coordinado das competencias das partes asinantes e resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na súa aplicación.

Cómpre lembrar tamén que, segundo a CLÁUSULA OITAVA, os concellos deben acreditar a prestación do servizo mediante informes ou memorias técnicas emitidas polos responsables dos GES para poder percibir as achegas económicas; e que, conforme á CLÁUSULA DÉCIMA, están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral e polo Consello de Contas da Comunidade Autónoma no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.



O incumprimento destas obrigas pode dar lugar, de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e/ou á perda do dereito ao cobro das contías pendentes.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias de control e seguimento, garantindo que o GES de Sanxenxo preste un servizo permanente e acorde coas obrigas asumidas no convenio, en defensa da seguridade da cidadanía e dos dereitos dos profesionais do servizo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia de que o Concello de Sanxenxo prevé manter o GES pechado pola noite durante boa parte do ano 2026, limitando o servizo a 16 horas diarias, a pesar da obriga de atención permanente ás chamadas de emerxencia recollida no convenio vixente?
2. Considera a Xunta de Galicia compatible coa CLÁUSULA OITAVA do convenio dos GES a decisión do Concello de Sanxenxo de non prestar servizo nocturno de forma continuada, e en caso contrario, que actuacións vai a emprender para esixir o seu cumprimento?
3. Vai requirir a Xunta de Galicia ao Concello de Sanxenxo a prestación dos informes o memorias técnicas que acrediten a prestación real e permanente do servizo do GES, tal e como establece o convenio, e que consecuencias prevé no caso de que non se poida xustificar ese cumprimento?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia activas a Comisión Mixta de seguimento do convenio e apercibir ao Concello de Sanxenxo da posibilidade de perda total ou parcial das achegas económicas, se se confirma o incumprimento das obrigas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:27:41
Nº Rexistro: 45660
Data envío: 15/01/2026 13:27:41.775

asumidas, con fin de garantir a seguridade da cidadanía dos concellos atendidos polo GES?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

163032

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 15/01/2026 13:25:45

Paloma Castro Rey na data 15/01/2026 13:25:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:27:41
Nº Rexistro: 45660
Data envío: 15/01/2026 13:27:41.775

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:27:41
Nº Rexistro: 45660
Data envío: 15/01/2026 13:27:41.775

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:27:42

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:27:47
Nº Rexistro: 45661
Data envío: 15/01/2026 13:27:47,238

Asinado o día 15/01/2026
13:26
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia ten como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, así como a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:26
Por María Encarnación Amigo Díaz

Ademais, o Laboratorio de Consumo de Galicia é o centro no que se realizan as análises e os ensaios sobre produtos industriais non alimenticios presentes no mercado, co fin de avaliar a súa conformidade coas regulamentacións técnicas referidas tanto á calidade como á seguridade.

Realiza ensaios sobre produtos de consumo co fin de verificar a súa adecuación á normativa, as súas características e a veracidade das atribucións declaradas no etiquetado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

Cales son os obxectivos da Xunta de Galicia en referencia ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia?, é, en relación có Laboratorio de Consumo de Galicia?

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:26
Por María Felisa Rodríguez Carrera

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2026 13:26:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2026 13:26:19

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 13:26:29

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2026 13:26:38

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2026 13:26:48

Ángel Rodríguez Conde na data 15/01/2026 13:26:58

Cristina Sanz Arias na data 15/01/2026 13:27:13

Borja Vereza Fraiz na data 15/01/2026 13:27:24

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/01/2026 13:27:34



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:27:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:27:47
Nº Rexistro: 45661
Data envío: 15/01/2026 13:27:47,238

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:33:11
Nº Rexistro: 45665
Data envío: 15/01/2026 13:33:11.396

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:31
Por Moisés Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereja Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Artesanía de Galicia foi unha iniciativa da Asociación de Artesáns -AGA- nos anos 90.

O modelo foi adoptado pola Xunta de Galicia no ano 2000, converténdose nunha marca oficial cun regulamento propio.

O seu obxectivo principal é servir de marca paraugas, ofrecendo unha imaxe común, harmónica, coordinada e representativa dos produtos artesanais galegos, é dicir, un selo de prestixio que constituía un sinal de identidade propia e garantía de calidade para os consumidores.

En paralelo, a Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve liñas de investigación destinadas a especializar e perfeccionar técnicas de elaboración que permitan mellorar a calidade dos produtos artesanais, ademais de optimizar o proceso produtivo, xa que se entende que a innovación, o deseño e a calidade son as bases coas que conta a artesanía para sobrevivir.

O seu principal fin é dotar ao sector artesanal dunha infraestrutura especializada para que poida desenvolver programas de asistencia, formación, innovación, catalogación, promoción, comercialización e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais en Galicia.

O Goberno galego aposta polo seu desenvolvemento forte e sostible no tempo, capaz de adaptarse ás novas realidades e con capacidade para xerar

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:31
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:31
Por María Felisa Rodríguez Carrera

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





emprendemento e atraer talento, polo que é un dos puntos relevantes no Plan Estratéxico de Comercio 2025-2030.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as medidas de apoio ao sector da Artesanía de Galicia recollidas no Plan Estratéxico de Comercio 2025-2030?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2026 13:31:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2026 13:31:42

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 13:31:52

Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2026 13:32:02

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2026 13:32:13

Ángel Rodríguez Conde na data 15/01/2026 13:32:24

Cristina Sanz Arias na data 15/01/2026 13:32:35

Borja Vereza Fraiz na data 15/01/2026 13:32:47

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/01/2026 13:32:56



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:33:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:33:11
Nº Rexistro: 45665
Data envío: 15/01/2026 13:33:11.396

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Na sesión plenaria celebrada o 10 de setembro de 2025, a conselleira de Política Social e Igualdade informou da recepción dos dous primeiros expedientes de menores non acompañados que ían ser enviados á Galicia por parte do Goberno Central.

Unha decisión unilateral, que non foi dialogada nin consensuada coa Xunta de Galicia. Un traslado que, tal e como informou a conselleira, faise sen planificación e sen ningún tipo de comunicación oficial e que demostra unha vez mais a sumisión do Goberno central ante os seus socios de goberno.

A isto hai que engadir o traslado a Galicia doutros menores estranxeiros, que forman parte do grupo de solicitantes de asilo que o Goberno central debe acoller por orde do Tribunal Supremo. Un novo atropelo á nosa Comunidade, porque será Galicia a que teña que asumir a atención sanitaria e educativa destes menores.

Ante esta situación, o Goberno galego viuse obrigado a crear recursos específicos para acoller a estes menores estranxeiros, rompendo co noso sistema de protección integrador que era sinal de identidade de Galicia, onde todos os menores conviven nos recursos da Xunta sen facer distincións pola súa procedencia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que vai a supor para Galicia a creación destes centros específicos de acollemento a menores estranxeiros non acompañados?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:38
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:38
Por Raquel Arias Rodríguez



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2026 13:38:03

Noelia Pérez López na data 15/01/2026 13:38:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2026 13:38:23

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2026 13:38:30

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2026 13:38:37

Maria Magdalena Perez Millares na data 15/01/2026 13:38:43

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2026 13:39:18

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2026 13:39:29



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:40:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:40:42
Nº Rexistro: 45682
Data envío: 15/01/2026 13:40:42.661

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:49:39
Nº Rexistro: 45683
Data envío: 15/01/2026 13:49:39.427

Asinado o día 15/01/2
Por María Encarnació
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereas Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Xunta de Galicia, o Concello de Ourense e a Compañía Mercantil de Comerciantes Asociados do Mercado de Abastos nº1 de Ourense, asinaron este mes de novembro o protocolo de colaboración para o traslado dos comerciantes á Praza de Abastos nº1 de Ourense, tras varios contactos e xuntanzas para pechar dito acordo.

O protocolo establece que o Goberno galego e o Concello cofinanciarán a reactivación deste edificio emblemático da cidade, acordando un máximo orzamentario para as actuacións consensuadas de 2 millóns de euros, para o cal, o Goberno galego xa consignou un millón de euros nas contas do vindeiro ano.

Desta achega inicial, 800.000 euros serán destinados ás obras que se recollan no Plan funcional definitivo, sempre e cando atopen o consenso das tres partes para o seu financiamento.

Os 200.000 euros restantes que están en disposición de incrementar, no caso de que fose necesario, permitirán asumir as obras incluídas nese plan por ser definidas como necesarias pola administración autonómica e os praceiros, sen contar co respaldo a nivel económico do Concello de Ourense.

As obras versan sobre a mellora do circuíto de carga e descarga das mercancías ou, chegado o momento, a pasarela peonil que conecte a praza coa rúa Progreso, consideradas como fundamentais para garantir a eficiencia e a comodidade, tanto de comerciantes como de usuarios, e que foron incluídos no primeiro Plan funcional, un documento elaborado en verán atendendo as demandas dos

Asinado o día 15/01/2026 ás 13:48
Por María Felisa Rodríguez
Carrera

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:47
Por Noelia Pérez López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





praceiros e que agora, a través da firma do protocolo, será consensuado co Concello para alcanzar o Plan funcional definitivo.

A través deste compromiso, o Executivo galego busca facilitar o acordo e garantir a mellor praza posible. De feito, dito documento recolle o papel da administración autonómica na mediación entre o Concello e os comerciantes para desatascar e reconducir as negociacións.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que valoración fai o Goberno galego respecto do compromiso da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co traslado da actividade comercial desde a localización provisional na Alameda ata a súa sede orixinal?
- 2.- Cales serán os próximos pasos pendentes das actuais obras de reforma do edificio rehabilitado?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 15/01/2026 13:47:51
María Felisa Rodríguez Carrera na data 15/01/2026 13:48:02
María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2026 13:48:11
Moisés Rodríguez Pérez na data 15/01/2026 13:48:22
Miguel Fidalgo Iglesias na data 15/01/2026 13:48:31
Rubén Lorenzo Gómez na data 15/01/2026 13:48:42
Ángel Rodríguez Conde na data 15/01/2026 13:48:52
Cristina Sanz Arias na data 15/01/2026 13:49:03
Borja Vereza Fraiz na data 15/01/2026 13:49:14
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 15/01/2026 13:49:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:49:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:49:39
Nº Rexistro: 45683
Data envío: 15/01/2026 13:49:39.427

CSV: BOPGDSPG-4hk4HPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os datos de vítimas mortais de accidentes de tráfico nos últimos anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos provisionais de vítimas mortais de accidentes de tráfico nas 24 h posteriores ao sinistro correspondentes a vías interurbanas no ano 2025 son moi preocupantes porque é a cifra máis alta dos últimos 7 anos, tal como se recolle no seguinte gráfico

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	39	25	34	43	26	38	39
Lugo	17	12	10	17	16	16	26
Ourense	8	9	8	12	22	14	11
Pontevedra	24	24	25	18	24	22	20
Galicia	88	70	77	90	88	90	96

En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 112 en 2023 (88 na estatística da DGT de mortes durante as 24 h e en vías interurbanas), 123 en 2022 (fronte ás 90 da estatística da DGT), 113 en 2021 (fronte ás 77 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (fronte ás 88 da DGT).

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:49
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:48
Por Luis Bará Torres



Nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis (peóns, motociclistas e ciclistas). Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

No pasado ano 2025 rematou a vixencia do Plan de Seguridade Viaria de Galiza 2022-2025, polo que é necesario facer unha avaliación xeral e un informe sobre os obxectivos fixados (xerais e parciais), nomeadamente o denominado obxectivo 25-25-25.

-Redución do 25% do número de persoas falecidas e feridas graves nas vías interurbanas no período 2022-2025 a respecto dos datos de 2019.

-Redución do 25% de persoas falecidas e feridas graves vulnerábeis no período 2022-2025, a respecto dos datos de 2019.

-Redución do 25% de persoas falecidas e feridas graves nun 25% nas travesías no período 2022-2025, a respecto dos datos de 2019.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración fai a Xunta sobre os datos de vítimas mortais de accidentes de tráfico de 2025 e a evolución dos datos de sinistralidade viaria dos últimos anos?

Cal é o grao de cumprimento dos obxectivos fixados no Plan de Seguridade Viaria 2022-2025?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:51:01
Nº Rexistro: 45686
Data envío: 15/01/2026 13:51:01.394

Cales son a xuizo do goberno galego as causas do incumprimento dos obxectivo
25-25-25?

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para reverter esta situación?

Considera prioritario o goberno galego o apoio á demanda de transferencia das
competencias en materias de tráfico e seguridade viaria?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/01/2026 13:48:58

Paulo Ríos Santomé na data 15/01/2026 13:49:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:51:01
Nº Rexistro: 45686
Data envío: 15/01/2026 13:51:01.394

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:51:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:51:01
Nº Rexistro: 45686
Data envío: 15/01/2026 13:51:01.394

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:52:22
Nº Rexistro: 45692
Data envío: 15/01/2026 13:52:22.501

Asinado o día 15/01/2
Por María Encarnació
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Emprego e Política Social**

No eido da dependencia transcendeu que o Executivo que preside o socialista Pedro Sánchez vén de comprometerse co País Vasco en achegar o 50% do financiamento dos servizos de dependencia, tal e como marca a lei, mentres que en Galicia a achega estatal, lonxe de aumentar vese reducida.

Así a débeda acumulada polo Goberno de España cos galegos e galegas xa supera os 2.500 millóns de euros.

Desde Galicia non podemos consentir que, con estas decisións arbitrarias do Executivo de coalición, se establezan comunidades e dependentes de primeira e de segunda categoría e, todo iso, en base a repartir financiamento de xeito desigual e condicionado só por criterios políticos.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da decisión do Goberno central de achegar o 50% do financiamento dos servizos de dependencia só en favor do País Vasco e non cumprir esta esixencia legal con Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2026

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:50
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:50
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 15/01/2026 13:50:06

Noelia Pérez López na data 15/01/2026 13:50:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/01/2026 13:50:42

Víctor Baladrón Lamas na data 15/01/2026 13:50:50

Nicole Grueira Fernández na data 15/01/2026 13:50:58

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/01/2026 13:51:04

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/01/2026 13:51:11

Maria Magdalena Perez Millares na data 15/01/2026 13:51:18



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:52:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:52:22
Nº Rexistro: 45692
Data envío: 15/01/2026 13:52:22.501

CSV: BOPGDSPG-4h4AHPUQ-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a protección, promoción e posta en valor da arte rupestre do concello de Cerdedo Cotobade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Cerdedo-Cotobade conta con unha extraordinaria mostra de patrimonio arqueolóxico de arte rupestre repartido por todas as parroquias do termo municipal.

As principais estacións de arte rupestre situadas en Cerdedo Cotobade son as seguintes

- Estación Outeiro Lombo da Costa: laxe das Rodas e Laxe dos Cucos.
- Estación de Fentáns: Pedra das Ferraduras, Laxe do Cebros, Couto do Rapadoiro.
